



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 427  
6 de febreiro de 2019

Fascículo 3



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

#### ■ 45246 (10/PNC-003641)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 14 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2019 dun modelo asistencial que garanta a atención durante as 24 horas na área de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[145569](#)

#### ■ 45296 (10/PNC-003642)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para corrixir as deficiencias detectadas no procedemento de concesión do bono social

[145572](#)

#### ■ 45335 (10/PNC-003644)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a realización dun estudo respecto do impacto do deseño na economía galega

[145575](#)

#### ■ 44624 (10/PNC-003582)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre o impulso por parte do Goberno galego da creación dun punto de encontro familiar de titularidade pública e de xestión directa na comarca do Salnés, así como a correspondente dotación do orzamento e dos medios humanos e materiais necesarios para o seu mantemento

[145578](#)

#### ■ 44642 (10/PNC-003584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a ampliación por parte do Goberno galego do funcionamento do Servizo de Hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás vinte e catro horas do día

[145585](#)

#### ■ 44691 (10/PNC-003585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da emisión na TVG do documental titulado *Frankenstein 04155*, arredor do accidente ferroviario de Angrois, con motivo do sétimo aniversario do sinistro

[145588](#)



**I 44709 (10/PNC-003586)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 2 máis**

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo das necesidades específicas que hai, en materia de oferta formativa nos ciclos autorizados de Agraria, nas zonas de Bergantiños e Fisterra

[145591](#)**I 44724 (10/PNC-003587)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a incorporación pola Xunta de Galicia da fisioterapia ao servizo básico de saúde na atención primaria

[145594](#)**I 44686 (10/PNC-003588)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa calidade do servizo que presta, os postos de traballo e as prazas vacantes por xubilación da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, situada no concello de Leiro

[145596](#)**I 44727 (10/PNC-003589)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a incorporación pola Xunta de Galicia da fisioterapia ao servizo básico de saúde na atención primaria e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

[145599](#)**I 44729 (10/PNC-003590)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a incorporación pola Xunta de Galicia da fisioterapia ao servizo básico de saúde na atención primaria e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

[145602](#)**I 44741 (10/PNC-003591)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva e 2 máis**

Sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dun plan para o inicio da implantación progresiva da enfermaría escolar na rede pública de centros de ensino

[145605](#)**I 44748 (10/PNC-003592)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a elaboración polo Goberno galego, en coordinación cos profesionais, dun plan de mellora da atención primaria no Sergas

[145607](#)**I 44793 (10/PNC-003594)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e horarios de traballo dos puntos de atención continuada [145610](#)

**I 44798 (10/PNC-003595)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa liña de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable, convocada na Orde do 19 de decembro de 2018 e dirixida aos propietarios de buques pesqueiros [145613](#)

**I 44801 (10/PNC-003596)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a substitución polo Goberno galego da totalidade do persoal do Centro de Saúde de Mugar-dos durante os seus permisos e vacacións [145615](#)

**I 44807 (10/PNC-003597)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego do servizo de hemodinámica as 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [145618](#)

**I 44812 (10/PNC-003598)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa normativa galega que regula a instalación de tanatorios e/ou crematorios nos núcleos urbanos das cidades [145620](#)

**I 44817 (10/PNC-003599)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co posible peche da gardarúa San Vicente de Paúl, de Monforte de Lemos, así como a dotación ao concello dunha escola infantil da rede A Galiña Azul [145622](#)

**I 44824 (10/PNC-003600)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa vacinación dos animais de compañía como cans, gatos e furóns contra a rabia e a leishmaniose [145626](#)

**I 44846 (10/PNC-003601)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel



Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de conversas co Bispado de Lugo co fin de colaborar na restauración da igrexa de Vilabade, no concello de Castroverde [145632](#)

**I 44851 (10/PNC-003602)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de creación da Cidade das Tecnoloxías da Información e a Comunicación nos terreos da antiga fábrica de armas da Coruña [145634](#)

**I 44852 (10/PNC-003603)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a construción do centro de saúde de Aldán-O Hío e dun centro de alta resolución no concello de Cangas [145638](#)

**I 44862 (10/PNC-003604)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o impacto que está a ter para a frota costeira artesanal o actual sistema de TAC e cotas, así como a obriga de desembarque [145641](#)

**I 44866 (10/PNC-003605)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora dos servizos sociosanitarios no concello de Folgoso do Courel, así como o impulso dunha lei para o desenvolvemento da Montaña galega [145645](#)

**I 44872 (10/PNC-003606)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das medidas establecidas no Real decreto 197/2017, para o control e erradicación da praga de couza guatemalteca da pataca [145650](#)

**I 44880 (10/PNC-003607)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a evitar o impacto dos petardos e fogos de artificio nos colectivos de persoas máis vulnerables, nos animais e no medio natural [145652](#)

**I 44889 (10/PNC-003608)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a creación no concello de Lalín dun centro que albergue consultas médicas especializadas e probas diagnósticas complementarias

[145656](#)

**I 44894 (10/PNC-003609)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Vázquez Verao, Paula e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de especialista do sistema dixestivo e de médico rehabilitador vacantes no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, os investimentos e a dotación de persoal prevista para ese centro, así como a capacidade de xestión desa área sanitaria

[145658](#)

**I 44907 (10/PNC-003611)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión dos residuos gandeiros na comarca da Limia

[145662](#)

**I 44918 (10/PNC-003612)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Cal Ogando, Marcos e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade

[145667](#)

**I 44951 (10/PNC-003613)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario da Lei 4/2017, de protección e benestar dos animais de compañía

[145670](#)

**I 44956 (10/PNC-003614)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a construción e o remate durante a X lexislatura dos novos centros de saúde do Vinte e Un e de Mariñamansa, en Ourense

[145673](#)

**I 44960 (10/PNC-003615)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes

[145676](#)

**I 44968 (10/PNC-003616)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Rodríguez Estévez, David e 2 máis**



Sobre a recuperación pola Consellería do Medio Rural do servizo de recollida e xestión de plásticos de uso agrícola procedentes de silos, invernadoiros e hortas, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto [145680](#)

**I 44976 (10/PNC-003617)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de catalogar, inventariar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia

[145683](#)

**I 44984 (10/PNC-003618)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Vázquez Verao, Paula e 2 máis**

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dunha ambulancia asistencial do 061 a Monforte de Lemos

[145687](#)

**I 44986 (10/PNC-003619)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa aplicación do imposto sobre transaccións financeiras polo Goberno central

[145691](#)

**I 44992 (10/PNC-003620)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de fomento do libro e a lectura, con especial atención ao impulso do galego como lingua de lectura

[145694](#)

**I 45001 (10/PNC-003621)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Miranda Pena, Flora María e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora da actividade e a seguridade no porto de Malpica

[145696](#)

**I 45004 (10/PNC-003622)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central en relación co establecemento e implementación de plans de continxencia coordinada ante un posible *Brexit* duro

[145699](#)

**I 45007 (10/PNC-003623)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Blanco Paradelo, Moisés e 12 máis**

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en canto ao fomento da modernización das explotacións agrícolas e gandeiras a través da innovación tecnolóxica e a dixitalización

[145701](#)

**I 45019 (10/PNC-003624)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**



**Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa suba das cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do réxime especial do mar [145704](#)

**I 45030 (10/PNC-003625)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da convocatoria da praza de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, anunciada no DOG do 5 de outubro de 2018 [145706](#)

**I 45040 (10/PNC-003626)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da situación en Nicaragua e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación coa defensa dos dereitos humanos neste país [145710](#)

**I 45042 (10/PNC-003627)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar ao Goberno central a elaboración do informe técnico necesario para o desenvolvemento do trazado ferroviario da saída sur de Vigo [145715](#)

**I 45051 (10/PNC-003628)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para finalizar a construción do porto seco de Monforte de Lemos e as infraestruturas que permitan a súa conexión e posta en funcionamento [145718](#)

**I 45060 (10/PNC-003629)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para presentar ante o Parlamento de Galicia un estudo que analice as causas da caída de persoas ocupadas en pesca [145721](#)

**I 45063 (10/PNC-003630)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no relativo á exención da pesca artesanal dos sistemas de totais admisibles de capturas e cotas [145724](#)

**I 45065 (10/PNC-003631)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis





Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para abordar un plan urxente de recuperación económica para o interior de Lugo e de Ourense conxuntamente cos axentes sociais

[145730](#)

**I 45078 (10/PNC-003632)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 4 máis**

Sobre o apoio por parte do Parlamento de Galicia ao persoal do grupo Endesa e o rexeitamento á estratexia de descapitalización da empresa e mais as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia diante da perda de convenio de referencia nesta eléctrica, especialmente nas Pontes de García Rodríguez

[145733](#)

**I 45085 (10/PNC-003633)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da protección dos garranos

[145738](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de febreiro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

### **Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación**

- 45246 (10/PNC-003641)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 14 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2019 dun modelo asistencial que garanta a atención durante as 24 horas na área de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45296 (10/PNC-003642)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para corrixir as deficiencias detectadas no procedemento de concesión do bono social.

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45335 (10/PNC-003644)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a realización dun estudo respecto do impacto do deseño na economía galega.

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

### **Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 44624 (10/PNC-003582)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre o impulso por parte do Goberno galego da creación dun punto de encontro familiar de titularidade pública e de xestión directa na comarca do Salnés, así como a correspondente dotación do orzamento e dos medios humanos e materiais necesarios para o seu mantemento

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44642 (10/PNC-003584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis



Sobre a ampliación por parte do Goberno galego do funcionamento do Servizo de Hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás vinte e catro horas do día  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44691 (10/PNC-003585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da emisión na TVG do documental titulado *Frankenstein 04155*, arredor do accidente ferroviario de Angrois, con motivo do sétimo aniversario do sinistro  
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 44709 (10/PNC-003586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo das necesidades específicas que hai, en materia de oferta formativa nos ciclos autorizados de Agraria, nas zonas de Bergantiños e Fisterra  
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 44724 (10/PNC-003587)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a incorporación pola Xunta de Galicia da fisioterapia ao servizo básico de saúde na atención primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44686 (10/PNC-003588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa calidade do servizo que presta, os postos de traballo e as prazas vacantes por xubilación da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, situada no concello de Leiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 44727 (10/PNC-003589)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a incorporación pola Xunta de Galicia da fisioterapia ao servizo básico de saúde na atención primaria e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44729 (10/PNC-003590)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a incorporación pola Xunta de Galicia da fisioterapia ao servizo básico de saúde na atención primaria e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 44741 (10/PNC-003591)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dun plan para o inicio da implantación progresiva da enfermaría escolar na rede pública de centros de ensino

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44748 (10/PNC-003592)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración polo Goberno galego, en coordinación cos profesionais, dun plan de mellora da atención primaria no Sergas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44793 (10/PNC-003594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e horarios de traballo dos puntos de atención continuada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44798 (10/PNC-003595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa liña de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable, convocada na Orde do 19 de decembro de 2018 e dirixida aos propietarios de buques pesqueiros

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 44801 (10/PNC-003596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a substitución polo Goberno galego da totalidade do persoal do Centro de Saúde de Mugar-dos durante os seus permisos e vacacións

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44807 (10/PNC-003597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego do servizo de hemodinámica as 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44812 (10/PNC-003598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa normativa galega que regula a instalación de tanatorios e/ou crematorios nos núcleos urbanos das cidades  
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 44817 (10/PNC-003599)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co posible peche da gardarías San Vicente de Paúl, de Monforte de Lemos, así como a dotación ao concello dunha escola infantil da rede A Galiña Azul

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44824 (10/PNC-003600)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa vacinación dos animais de compañía como cans, gatos e furóns contra a rabia e a leishmaniose

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandarías e Montes

- 44846 (10/PNC-003601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de conversas co Bispo de Lugo co fin de colaborar na restauración da igrexa de Vilabade, no concello de Castroverde

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44851 (10/PNC-003602)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de creación da Cidade das Tecnoloxías da Información e a Comunicación nos terreos da antiga fábrica de armas da Coruña

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 44852 (10/PNC-003603)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a construción do centro de saúde de Aldán-O Hío e dun centro de alta resolución no concello de Cangas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44862 (10/PNC-003604)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o impacto que está a ter para a frota costeira artesanal o actual sistema de TAC e cotas, así como a obriga de desembarque Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 44866 (10/PNC-003605)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora dos servizos sociosanitarios no concello de Folgoso do Courel, así como o impulso dunha lei para o desenvolvemento da Montaña galega

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44872 (10/PNC-003606)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das medidas establecidas no Real decreto 197/2017, para o control e erradicación da praga de couza guatemalteca da pataca

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 44880 (10/PNC-003607)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a evitar o impacto dos petardos e fogos de artificio nos colectivos de persoas máis vulnerables, nos animais e no medio natural

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 44889 (10/PNC-003608)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a creación no concello de Lalín dun centro que albergue consultas médicas especializadas e probas diagnósticas complementarias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44894 (10/PNC-003609)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de especialista do sistema dixestivo e de médico rehabilitador vacantes no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, os investimentos e a dotación de persoal prevista para ese centro, así como a capacidade de xestión desa área sanitaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44907 (10/PNC-003611)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión dos residuos gandeiros na comarca da Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 44918 (10/PNC-003612)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Quintero Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44951 (10/PNC-003613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario da Lei 4/2017, de protección e benestar dos animais de compañía

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 44956 (10/PNC-003614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a construción e o remate durante a X lexislatura dos novos centros de saúde do Vinte e Un e de Mariñamansa, en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44960 (10/PNC-003615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 44968 (10/PNC-003616)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a recuperación pola Consellería do Medio Rural do servizo de recollida e xestión de plásticos de uso agrícola procedentes de silos, invernadoiros e hortas, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 44976 (10/PNC-003617)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de catalogar, inventariar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia  
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 44984 (10/PNC-003618)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dunha ambulancia asistencial do 061 a Monforte de Lemos  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44986 (10/PNC-003619)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa aplicación do imposto sobre transaccións financeiras polo Goberno central

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 44992 (10/PNC-003620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de fomento do libro e a lectura, con especial atención ao impulso do galego como lingua de lectura

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45001 (10/PNC-003621)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora da actividade e a seguridade no porto de Malpica

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45004 (10/PNC-003622)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central en relación co establecemento e implementación de plans de continxencia coordinada ante un posible *Brexit* duro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45007 (10/PNC-003623)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 12 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en canto ao fomento da modernización das explotacións agrícolas e gandeiras a través da innovación tecnolóxica e a dixitalización

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45019 (10/PNC-003624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia





Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa suba das cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do réxime especial do mar

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45030 (10/PNC-003625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da convocatoria da praza de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, anunciada no DOG do 5 de outubro de 2018

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45040 (10/PNC-003626)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da situación en Nicaragua e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación coa defensa dos dereitos humanos neste país

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45042 (10/PNC-003627)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar ao Goberno central a elaboración do informe técnico necesario para o desenvolvemento do trazado ferroviario da saída sur de Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45051 (10/PNC-003628)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para finalizar a construción do porto seco de Monforte de Lemos e as infraestruturas que permitan a súa conexión e posta en funcionamento

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45060 (10/PNC-003629)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para presentar ante o Parlamento de Galicia un estudo que analice as causas da caída de persoas ocupadas en pesca

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45063 (10/PNC-003630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no relativo á exención da pesca artesanal dos sistemas de totais admisibles de capturas e cotas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45065 (10/PNC-003631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para abordar un plan urxente de recuperación económica para o interior de Lugo e de Ourense conxuntamente cos axentes sociais

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45078 (10/PNC-003632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre o apoio por parte do Parlamento de Galicia ao persoal do grupo Endesa e o rexeitamento á estratexia de descapitalización da empresa e mais as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia diante da perda de convenio de referencia nesta eléctrica, especialmente nas Pontes de García Rodríguez

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45085 (10/PNC-003633)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da protección dos garranos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Ángel Santalices Vieira, Aurelio Nuñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Carlos Gómez Salgado, Marta Rodríguez Arias, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Cristina Isabel Romero Fernández, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, César Fernández Gil, José González Vázquez, Marían García Miguez e Moisés Blanco Paradelo** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

### Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada por coñecer en sede parlamentaria a posición sobre este tema.

### Exposición de motivos:

A implantación do REGALIAM (Rexistro Galego Infarto Agudo de Miocardio), xullo do 2015, na nosa Comunidade Autónoma, fíxose gracias a un acordo Parlamentario.

Este rexistro aportou moita información sobre a morbi-mortalidade por I.A.M. (Infarto Agudo de Miocardio) nas catro provincias galegas.

Entre os datos que se recollen no REGALIAM figuran os tempos que se tarda en acceder a unha Sala de Hemodinámica, unha vez diagnosticado o síndrome coronario agudo, para a realización dunha angioplastia.

Estes datos, xunto con outros que poden ser comprobados no rexistro, recollen para a provincia de OURENSE unha mediana en minutos (tempo transcorrido desde o primeiro electrocardiograma diagnóstico hasta a apertura da arteria responsable do infarto) que ofrece variacións, pois van desde os 96,5 minutos no ano 2015, hasta os 88 minutos no ano 2018.



O Rexistro serve para avaliar a necesidade de implantación de recursos asistenciais nesta Área Asistencial ou mesmo para garantir a súa cobertura durante un tempo axeitado para este tipo de patoloxías.

Nesta situación, e unha vez implantadas as Salas de Hemodinámica en Ourense e Lugo, a Comisión do REGALIAM, composta por 7 cardiólogos especializados das diferentes EOXIS, valorou ampliar a cobertura asistencial ata as 22 horas nas provincias de Ourense e Lugo.

O Complexo Hospitalario de Lugo, con data 26 de febreiro de 2018, ampliou o funcionamento da Sala ata as 22 horas.

O Complexo Hospitalario de Ourense, ampliou tamén a cobertura ata as 22 horas, pero o fixo con data 17 de setembro de 2018.

Recentemente tivemos coñecemento de que a Comisión do REGALIAM, logo da avaliación do funcionamento da Sala ata as 22 horas durante un ano, e tendo en conta a formación dos Equipos Multidisciplinares para esta cobertura, autorizou que desde mediados de febreiro do ano en curso, a Sala de Hemodinámica de Lugo poida estar operativa as 24 horas.

Por todo isto, e tendo en conta a importancia deste tema para a provincia de Ourense, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **proposición non de lei en Comisión polo trámite de urxencia**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Que logo da oportuna avaliación pola Comisión REGALIAM, ao ano de funcionamento da ampliación do horario, se así se determina se implante no Complexo Hospitalario de Ourense, un modelo asistencial que garanta a asistencia na Área de Hemodinámica durante as 24 horas, todo elo durante o ano 2019.

2.- Por en marcha os mecanismos oportunos para abordar a formación de Equipos Multidisciplinares na Área de Hemodinámica de Ourense, para o inicio de actividade no menor tempo posible, todo elo dentro do ano 2019.”



Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/02/2019 11:27:57**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 04/02/2019 11:28:14**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/02/2019 11:28:35**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 04/02/2019 11:28:45**

**Carlos Gómez Salgado na data 04/02/2019 11:28:58**

**Marta Rodríguez Arias na data 04/02/2019 11:29:10**

**Antonio Mouriño Villar na data 04/02/2019 11:29:18**

**Marta Novoa Iglesias na data 04/02/2019 11:29:37**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/02/2019 11:29:49**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/02/2019 11:30:07**

**María Soraya Salorio Porral na data 04/02/2019 11:30:19**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/02/2019 11:30:28**

**César Manuel Fernández Gil na data 04/02/2019 11:30:38**

**José González Vázquez na data 04/02/2019 11:30:45**

**María Ángeles García Míguez na data 04/02/2019 11:31:04**

**Moisés Blanco Paradelo na data 04/02/2019 11:31:25**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo trámite de **urxencia**.

## Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

## Exposición de motivos

Os poderes públicos deben ser sensible coas persoas consumidoras desfavorecidas e actuar con axilidade e dilixencia para atender as súas principais necesidades, entre elas, o acceso á electricidade. Neste contexto, resulta imprescindible velar ao máximo polo cumprimento dos principios de simplificación e eficacia administrativa que permitan acadar que ningún cidadán o cidadá que teña dereito ao bono social do Estado quede sen esta axuda.

Sen embargo, estanse a rexistrar casos en que persoas que teñen dereito a acceder ao bono social se lles denega por ter dificultades na tramitación da solicitude ou ben sofren retrasos na resolución. Estes feitos producen un efecto disuasorio entre os potenciais beneficiarios da axuda que non é compatible co obxectivo de protección recollido no Real Decreto 897/2017 e as modificacións posteriores.

Un claro exemplo son as persoas pensionistas que alegan esta circunstancia na solicitude e non teñen unha pensión mínima, pero si cumpren co requisito de renda, as cales se ven obrigadas a presentar de novo a solicitude alegando esta outra circunstancia que lles da dereito ao bono social unha vez reciben a denegación.

De feito, as persoas que presentan reclamación ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica non reciben unha resposta decisiva desta administración, senón que se ven obrigados a volver a dirixirse á empresa comercializadora para solicitar o bono social pola circunstancia correcta. Así mesmo, unha vez resolto o erro, non se aplica automaticamente a retroactividade desta axuda desde a primeira solicitude, o que resulta desfavorable para a persoa consumidora que lembremos é vulnerable.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





Isto está a suceder cando no actual contexto dixital carece de sentido facer recaer o correcto funcionamento do procedemento para acceder ao bono social no acerto da persoa vulnerable á hora de cumprimentar a súa solicitude. Cómpre recordar que a administración pública dispón de alternativas para ofrecer unha resposta áxil e sinxela á cidadanía a partir dos datos que xa dispón nos seus sistemas, unha actuación que pode levarse a cabo garantindo todos os requisitos de seguridade e confidencialidade que esixe a normativa vixente.

A maiores do anterior, debería resolverse a situación das persoas que non poden demostrar os seu nivel de ingresos, ben porque non perciben pensión algunha, ben porque non están obrigados a presentar a declaración polo IRPF. Tamén daquelas que non teñen a titularidade dun contrato de subministro eléctrico aos efectos de que as axudas cheguen a elas.

Por iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para:

- 1.- Adoptar medidas que resolvan as deficiencias apreciadas no procedemento de concesión do bono social para evitar a denegación do bono social ás persoas que teñen dereito ao mesmo, polo mero feito de trabucarse ao cumprimentar a solicitude.
- 2.- Garantir a concesión automática con efectos retroactivos dende o momento da primeira solicitude no caso de que se aprecie algún erro destas características, sen que se esixa ningunha actuación posterior por parte da persoa interesada.
- 3.- Levar a cabo as actuacións que permitan acceder ao bono social a aquelas persoas que tendo dereito ao mesmo non podan demostrar os seus ingresos por non estar obrigados a realizar a declaración de IRPF, nin percibir pensión, así como a aquelas persoas que non poidan acceder á titularidade dun contrato de enerxía eléctrica, pero si estean a se facer cargo do importe derivado do consumo en virtude dun contrato de arrendamento”.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/02/2019 14:06:00**

**Marta Novoa Iglesias na data 04/02/2019 14:06:11**

**Maria Antón Vilasánchez na data 04/02/2019 14:06:19**

**Moisés Blanco Paradelo na data 04/02/2019 14:06:30**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 04/02/2019 14:06:35**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/02/2019 14:06:44**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/02/2019 14:06:50**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 04/02/2019 14:06:58**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez e Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos:

Existe pleno consenso internacional sobre que "o deseño é un impulsor da innovación e a competitividade, o crecemento e o desenvolvemento, a eficiencia e a prosperidade", tal e como se recolle na Declaración do Deseño de Montreal, asinada no cume mundial do 23 ao 25 de outubro de 2017, celebrada nesta cidade canadense. O deseño transcende no século XXI os aspectos formais, estéticos e culturais e convértese nun "elemento esencial para atopar novas solucións para a sociedade e as empresas".

Neste contexto, precisamente, cabe mencionar que en xuño de 2018 Galicia converteuse na primeira comunidade en definir unha política pública de promoción do deseño coa posta en marcha do programa Deseño para a Innovación 2020. Trátase, polo tanto, dunha iniciativa pioneira que ten por obxecto fomentar a incorporación e sistematización desta disciplina no tecido empresarial galego, con atención ás pequenas e medianas empresas.

A estratexia impulsada desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria está compartida por todos os axentes implicados e facilitará que o deseño, tanto industrial, como gráfico, de produto, organizacional, dixital e multimedia, sexa unha ferramenta que complemente o maior esforzo en innovación que realizan as nosas empresas para garantir a competitividade, na medida que aquelas que incorporan o deseño no seu negocio crecen o dobre.

Os obxectivos básicos desta nova iniciativa son mellorar o coñecemento e comprensión do deseño como un factor estratéxico que vai máis aló do seu valor



estético; capacitar a empresas e emprendedores galegos para que invistan en deseño e promovan a innovación en novos produtos, servizos, procesos e estratexias de negocio; e poñer en valor a figura do deseñador como elemento clave na diferenciación das empresas.

Na segunda metade do pasado ano estes obxectivos cumprimentáronse con accións de sensibilización e divulgación como o I Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial, unha xornada sobre ecosistemas de deseño a nivel estatal ou un evento europeo sobre políticas públicas e boas prácticas empresariais de deseño, así como cun ciclo de talleres, que serviron para intercambiar coñecementos e casos de éxito, identificar e poñer en marcha estratexias e mesmo facilitar ferramentas prácticas para abordar este reto, buscando en todo momento a máxima colaboración.

En paralelo desenvolvéronse outras medidas nas que a Xunta xa estaba participando a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), como os proxectos europeos Design4Innovation e User-Factor – iniciativas de Interreg Europe e Interreg Atlantic Area–, que comparten o obxectivo de crear estratexias rexionais de deseño e garantir a súa implantación nas pemes.

Para dar novos pasos neste camiño a Administración autonómica xa ten anunciado unha nova liña de axudas ao deseño como factor estratéxico en 2019, a creación dunha rede de axentes de deseño, a elaboración dun mapa de axudas e accións de formación, así como a creación dunha biblioteca de materiais no CIS Galicia.

Todas estas iniciativas son de gran interese e xorden do diálogo e consenso cos representantes de entidades do ecosistema do deseño galego. Sen embargo parece oportuno desenvolver outras actuacións que permitan un coñecemento mellor sobre a realidade do deseño en Galicia e o impacto que ten na nosa economía, aproveitando no posible estudos que poidan existir a nivel nacional ou doutras comunidades autónomas co obxecto de establecer comparacións.



Por iso, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia formula a seguinte **proposición non de lei en comisión polo trámite de urxencia**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo sobre o impacto do deseño na economía galega para coñecer con detalle a súa dimensión e, a ser posible, establecer unha comparativa co resto das comunidades autónomas”.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/02/2019 17:35:43**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 04/02/2019 17:35:55**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/02/2019 17:36:14**

**Marta Novoa Iglesias na data 04/02/2019 17:36:24**

**Maria Antón Vilasánchez na data 04/02/2019 17:36:35**

**Moisés Blanco Paradelo na data 04/02/2019 17:36:44**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 04/02/2019 17:36:52**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/02/2019 17:37:16**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Punto de Encontro Familiar (PEF), regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, son un equipamento destinado a facilitar e preservar a relación entre menores e persoas das súas familias en situacións de crise, procurando a seguridade e benestar das e dos menores. Así se recolle no Convenio sobre os dereitos dos nenos e das nenas, adoptada pola Asemblea da Nacións Unidas en novembro de 1989. Ademais, a Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, modificada no ano 2015 pola Lei 26/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2015 incrementaron e melloraron os instrumentos de protección xurídica da infancia e da adolescencia e son un referente para a mellora no desenvolvemento polas CCAA.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo.





A intervención dos puntos de encontro familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

Na comarca do Salnés non hai Punto de Encontro Familiar, co cal as persoas deben desprazarse ata Pontevedra, o PEF máis próximo, cunha lista de agarda de 6 meses.

No caso das vítimas de violencia de xénero, para que o servizo garanta a protección das mulleres e fillas e fillos a nivel comarcal e que este servizo sexa accesible e sinxelo, é esencial crear un Punto de Encontro Familiar na comarca do Salnés. Por iso, a Asociación ESMAR, NON Á VIOLENCIA, impulsou unha campaña para solicitar dito servizo na comarca do Salnés. Dita reivindicación foi asumida pola Mancomunidade do Salnés e aprobada como moción en todos os concellos, salvo Vilagarcía.

A distancia que hai ao PEF de Pontevedra provoca que moitas veces os intercambios se realicen en dependencias dos Concellos ou da Policía Local, ou na propia rúa, téndose dado casos de longas esperas á intemperie ata a chegada do outro proxenitor. A situación é tal que, tal e como denuncia ESMAR, hai vítimas de violencia de xénero que tiveron que saltarse o protocolo de protección.

Caso de a Xunta non asumir esta reivindicación de ter un PEF no Salnés, a Mancomunidade do Salnés comprometeuse a crear un Punto de Intercambio Familiar. Neste tipo de recurso, os intercambios de menores en réxime de visitas realízanse sen tutela nin vixilancia, a diferenza dos PEF.

Nunha reunión da Mancomunidade do Salnés, informouse que a Xunta trasladou que hai nos Orzamentos de 2019 “unha partida de 100.000 € para a creación de dous posibles novos puntos de encontro” e que a súa ubicación se baseará en “datos obxectivos, sobre todo pensando en onde haxa máis demanda”.





A Xunta considera que a rede de PEF de Galicia é “suficiente para atender a demanda existente dos xulgados e dos servizos de menores da Xunta de Galicia”, non obstante, reconece que “se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas”.

A xestión dos PEF está externalizada e a realidade é que a Xunta non garante unha cobertura deste servizo en todas as comarcas galegas durante todo o ano de xeito regular nin ofrece unha atención estandarizada en todo o territorio.

Cómpre lembrar que os Puntos de Encontro Familiar naceron nos 90, como un recurso para as familias en situación de ruptura da convivencia familiar. Con eles pretendeuse favorecer a relación e o vencello dos menores cos proxenitores e coa familia extensa sempre no marco dun entorno seguro, e protexéndose deste xeito o benestar físico, psíquico e moral dos menores. As constantes para a derivación aos PEF é ben pola existencia dunha alta conflitividade entre os proxenitores, membros da familia extensa ou familia acolledora ou ben se impide o contacto entre os menores e un dos proxenitores e a familia extensa.

Este espazo seguro, preserva a relación entre as persoas menores, busca a súa seguridade e o benestar e o favorecemento e o mantemento das relacións coas familias, facilitando tamén o réxime de cumprimento das visitas.

Os obxectivos principais da intervención nos PEF son os seguintes:

- 1.- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das persoas menores a relacionarse coas persoas proxenitoras despois da creba da relación familiar, establecendo os vencellos precisos para o bo desenvolvemento tanto físico, psíquico, afectivo e moral.
- 2.- Facilitar o encontro das e dos menores coas proxenitoras non custodia e coa familia extensa.





- 3.- Acadar a normalización das relación familiares de xeito que a través da normalización das relacións o PEF resulte innecesario para a familia.
- 4.- Procurar a seguridade das menores durante o cumprimento do réxime de visitas e prever situacións de violencia.
- 5.- Favorecer e potenciar nas menores boas relacións coas proxenitoras e co entorno da proxenitora non custodia e coa familia extensa.
- 6.- Potenciar que as menores expresen en liberdade os sentimentos, sen medo, e as necesidades, fronte ás dúas persoas proxenitoras.
- 7.- Facilitar a orientación profesional para a mellora das relacións materno e paterno filiais e as habilidades parentais da crianza.
- 8.- Informar e derivar as persoas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- 9.- Dispoñer de información fidedigna sobre as actitudes e aptitudes parentais que axuden a defender, se for necesario, os dereitos das e dos menores noutras instancias administrativas ou xudiciais.

As intervencións dos PEF no que respecta á execución do réxime de visitas son:

- 1.- Entregas e recollidas das menores: o PEF intervén como supervisor e intermediario das entregas e recollidas
- 2.- Visitas tuteladas: aquelas que se desenvolven de xeito controlado coa supervisión e presenza continua dunha profesional ou da equipa técnica por un máximo de dúas horas.







3.- Visitas supervisadas: aquelas que se desenvolven no PEF por un tempo de dúas horas como máximo, sen a presenza do equipo técnico, especialmente naqueles casos nos que a persoa proxenitora carece de vivenda na localidade.

Como intervencións complementarias no Decreto regulador dos PEF recóllense as seguintes:

a) Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as e os menores.

b) Orientación e apoio familiar.

c) Intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras.

d) Intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e as súas fillas e fillos para que as relacións entre eles se cheguen a realizar de forma normalizada e coas maiores garantías posibles.

e) Rexistro e documentación das actividades realizadas.

Por a actividade que desenvolven e pola súa función normalizadora das relacións na creba da convivencia familiar, así como polo respecto do principio básico de tolerancia cero na violencia contra as mulleres, que ten que ser un valor transversal de toda a sociedade, é necesario a creación dun PEF na Comarca do Salnés. É vital para estas familias da Comarca do Salnés contar cun recurso específico, un servizo neutral no que levar a cabo a normalización das relacións ata o seu completo restablecemento da normalidade, sempre que isto sexa posible, nun entorno seguro.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>







O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Impulsar a creación dun Punto de Encontro Familiar na comarca do Salnés, público e de xestión directa, segundo o disposto no artigo 3 do Decreto 96/2014, buscando o punto máis axeitado, en colaboración cos concellos aos que daría cobertura, e garantindo os servizos de neutralidade e seguridade para todas as persoas usuarias.

2.- Garantir con dotación orzamentaria suficiente o mantemento do novo PEF do Salnés, así como de medios materiais e humanos axeitados.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Luís Villares Naveira  
Marcos Cal Ogando  
Paula Quinteiro Araujo  
Flora Miranda Pena  
Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 24/01/2019 18:42:00**

**Luis Villares Naveira na data 24/01/2019 18:42:06**

**Paula Quinteiro Araújo na data 24/01/2019 18:42:14**





**Marcos Cal Ogando na data 24/01/2019 18:42:20**

**Flora María Miranda Pena na data 24/01/2019 18:42:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecida a nova de que o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) de Lugo contará co servizo de Hemodinámica as 24 horas como reivindicaron persoal sanitario, forzas políticas e usuarios e usuarias durante anos, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego non podemos máis que parabenizar á veciñanza de Lugo. Esta é unha vitoria das persoas e forzas políticas que non se resignaron diante da discriminación que sofre o interior do país e que vén de conseguir a rectificación por parte do Partido Popular, sexa cal sexa a motivación fonda da súa decisión.

Porén, é unha inxustiza sen comparación que o Hospital de Ourense continúe sen Hemodinámica 24 horas e que o anuncio da ampliación de horas inclúa estouta instalación. Unha vez máis queremos recordar que falamos de salvar vidas, unha persoa non pode escoller ter un infarto en horario laboral, polo tanto é un servizo de primeira necesidade, non é un luxo ou un complemento prescindible e non se pode permitir que dependendo de onde vivas teñas máis ou menos probabilidades de supervivencia.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública tal e como amosan as denuncias de





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

forzas políticas, persoal sanitario e doentes; e está a agudizar a fenda interior-eixo atlántico dunha maneira desproporcionada e inxusta.

Non se pode permitir que non se garanta o acceso aos servizos sanitarios en condicións de igualdade e que Ourense siga perdendo mentres outros territorios melloran, o único que pedimos e que Ourense sexa igual e tamén reciba a hemodinámica 24 horas.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a deixar de discriminar ás e aos ourensáns e ampliar de forma inmediata o servizo de Hemodinámica ás 24 horas de funcionamento no Complexo Hospitalario de Ourense.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2019 10:20:10**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2019 10:20:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2019 10:20:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2019 10:20:18**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2019 10:20:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2019 10:20:21**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**, sobre a emisión na TVG do documental **Frankenstein 04155** do director, **Aitor Rei**, sobre o maior accidente ferroviario da historia de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de xaneiro de 2019 a televisión pública de Catalunya, TV3, emitirá en horario de máxima audiencia o documental **Frankenstein 04155**, do director **Aitor Rei**.

Farao no programa ‘Sense Ficción’, un espazo dirixido e presentado por **Montse Armengou** que ten como principal obxectivo emitir os mellores documentais que se fan arredor do mundo e tamén aqueles de produción propia, coproducións ou nos que participa a propia Corporación.

Xunto a **Frankenstein 04155** a canle pública catalá estrea tamén **Iak-42**, dúas pezas cun grande traballo de investigación que, no caso do documental do galego **Aitor Rei**, xira arredor do maior accidente ferroviario da historia de Galiza acontecido o 24 de xullo de 2013 na curva da **Grandeira, Angrois (Compostela)**. Aquela xornada morreron 81 persoas e 140 resultaron feridas.

Desde a súa estrea, **Frankenstein 04155** recibiu o recoñecemento da crítica e do público sendo premiado co: **Premio do Público no XXIX Festival Cineuropa de Santiago**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de Compostella, cunha mención especial do xurado na 60 Seminci, Semana Internacional de Cine, Valladolid ou como mellor longametraxe no Festival V Primavera do Cine.

Porén, a TVG nunca o ten emitido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento acorda por resolución trasladar á Corporación da RTVG a súa vontade de que o documental Frankenstein 01455, arredor do accidente de Angrois, sexa emitido na televisión pública de Galiza con motivo do sétimo aniversario do sinistro.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2019 10:47:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/01/2019 10:47:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/01/2019 10:47:24**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/01/2019 10:47:25**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2019 10:47:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/01/2019 10:47:29**





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, as comarcas de Bergantiños e de Fisterra, desde o ano 2009 ata a actualidade reducíronse o número de explotacións e o número de unidades de bovino intensamente. Este descenso, que non se produciu coa mesma intensidade nas diferentes comarcas galegas, é un reflexo do desleixo co que, dende hai varios anos, a Xunta de Galicia ven tratando ao rural.

Como é sabido, a redución do número de explotacións gandeiras compenseuse con que as que quedan son cada vez son máis grandes. O sistema tradicional de gandaría deu paso, nos últimos anos, a un sistema moito máis industrializado con maior produción. Este novo sistema é demandante de man de obra formada adecuadamente. Non obstante, existen dificultades para atopar esa man de obra.

Desde o noso punto de vista cremos que se dan varias circunstancias que inflúen nesta escaseza de persoal para traballar no agro:

- A redución considerable de poboación moza e a dificultade de relevo xeracional nas explotacións.
- A falta de formación adecuada e a dificultade para acceder a ela nas ditas comarcas.
- A falta de servizos públicos de calidade que permitan a conciliación familiar, como prazas nas garderías ou en centros e residencias de maiores.

En relación coa segunda das causas, constátase a reducida oferta formativa na familia profesional Agraria que, para as comarcas citadas, se reduce ao concello de Coristanco, na EFAG Fonteboa; aínda máis, no caso da provincia da Coruña a oferta completa é a seguinte:

-Producción agropecuaria:

Boqueixón CFEA Sergude con 20 prazas  
Coristanco EFAG Fonteboa con 30 prazas



-Gandaría e asistencia en sanidade animal:

Boqueixón CFEA Sergude con 22 prazas  
Coristanco EFAG Fonteboa con 20 prazas

-Paisaxismo e medio rural

Bergondo CFEA Guísamo con 25 prazas  
Coristanco EFAG Fonteboa con 20 prazas

-Aproveitamento e conservación do medio natural

Arzúa IES de Arzúa con 22 prazas  
Boqueixón CFEA Sergude con 25 prazas

Como se pode apreciar a oferta formativa é escasa, menos de 200 prazas para toda a provincia da Coruña.

Non obstante, non soamente se trata do número reducido de prazas, senón que, tamén, hai que sumarlle a distancia á que se atopan estes centros das vilas que conforman as ditas comarcas, o que supón que, na maioría dos casos, o tempo empregado en desprazamentos supera as dúas horas diarias.

Polo tanto, tendo en conta as dificultades que se indican desde o sector para atopar xente formada nas distintas comarcas, e valorando a reducida oferta formativa que existe está claro que nos atopamos diante dunha eiva importante para o desenvolvemento do campo galego. Desde o Grupo Parlamentario Socialista cremos que existen varias medidas que se poden adoptar por parte do Goberno, entre elas fomentar a formación e o traballo no rural. Pero atopámonos cunha lexislatura que foi anunciada como a “do rural”, pero da que non se coñecen, na práctica, os seus resultados, o que amosa que esta aposta debeu quedar no esquecemento dado que as supostas medidas non se materializaron, e como consecuencia temos unha redución dramática no número de explotacións nas ditas comarcas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo un estudo, no prazo máximo de tres meses, sobre as necesidades específicas en materia de oferta formativa nos ciclos autorizados de Agraria, nas zonas de Bergantiños e de Fisterra, para levar a cabo as medidas que dean resposta ás demandas das persoas titulares de explotacións gandeiras ante as dificultades que teñen para encontrar persoas formadas para traballar no dito ámbito.



Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 28/01/2019 12:19:57**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/01/2019 12:20:10**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 12:20:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/01/2019 12:20:31**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

O servizo de fisioterapia na sanidade pública galega aínda non está de todo normalizado, pese a repercusión que ten na poboación.

En Galicia, existe un déficit moi grande en canto a prazas públicas, ao que non se lle pon solución nesta última Oferta Pública de Emprego, xa que as prazas que se convocan son para consolidar a situación temporal das persoas que están interinas, o que provoca que sigamos moi lonxe de cumprir coas ratios recomendadas pola OMS.

Esta falta de creación de novas prazas no Sergas, non é comprensible tendo en conta o colapso con longas listas de espera tanto en Atención Primaria como en Atención Especializada que provoca unha derivación á privada e un aumento de gasto sanitario.

A planificación e aumento de fisioterapeutas no Servizo Galego de Saúde, tería como consecuencia unha mellora no sistema, xa que unha correcta aplicación da ratio de fisioterapeutas na Atención Primaria así como unha eficiencia no desenvolvemento das súas funcións, diminuiría a saturación da especializada, mellorando a calidade do sistema e a xestión de recursos que non terían que ir a parar a centros privados por incapacidade da pública na prestación do Servizo.

Ademais, o envellecemento da poboación galega vai unido a un aumento de procesos crónicos que supoñen un incremento de gasto para o sistema e que en





moitos casos a fisioterapia supón unha ferramenta importante que pode abordar os mesmos.

Segundo o Colexio Oficial de fisioterapeutas de Galicia, a Consellería de sanidade ten elaborada unha Guía de fisioterapia na Atención Primaria, pero por motivos descoñecidos aínda non é pública.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Incorporar a fisioterapia ó servizo básico de saúde na Atención Primaria, de tal forma que os centros de saúde conten con profesionais no seu plantel segundo as ratios recomendadas pola OMS, de tal xeito que nos casos nos que as ratios sexan menores ás recomendadas, haberá un persoal profesional de referencia o máis preto posible.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/01/2019 13:48:56**

**Luis Villares Naveira na data 28/01/2019 13:49:05**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

### Exposición de motivos

Tal e como figura na propia páxina web da Evega (*Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia*), organismo dependente da Consellería de Medio Rural, “inaugurouse o 5 de novembro de 1985, coa finalidade de dar un impulso ao sector vitivinícola galego. Nun primeiro momento a súa configuración inicial estaba baseada na investigación aplicada en novos sistemas de produción de uva e viño; o asesoramento especializado e personalizado a viticultores e adegueiros; a formación a través de actividades a todos os niveis para os diferentes axentes do sector e a divulgación dos resultados obtidos nas investigacións. Posteriormente púxose o laboratorio a dispor dos consellos reguladores de Galicia para a análise dos viños e derivados. En xullo de 1997, inaugurouse a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE) no concello de Ribadumia, como subestación dependente da Evega.”

A Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, situada no concello ourensán de Leiro, atende consultas que chegan dende adegas ou particulares sobre cuestións técnicas e desenrola proxectos de investigación para darlle respostas as necesidades do sector. O centro viña funcionando ata o de agora con normalidade, realizando análise de viños, augardentes ... e tamén asesoramento de temas relativos á viticultura (información sobre portainxertos, enfermidades do viñado...). Un servizo moi importante para esta comarca, cunha denominación de orixe, a do Ribeiro, que é a máis antiga de todo Galicia, e que conta con 2.800 hectáreas de viñado e máis cen adegas. Ademais, a pesares do intenso despoboamento que sofre a provincia de Ourense (disparouse a perda de habitantes ata un 128 % dende 2013 a 2018) e a elevada idade media da poboación (un terzo dos ourensáns e ourensás teñen máis de 65 anos), este sector actúa no Ribeiro como motor da economía desta comarca grazas en gran medida ao relevo xeracional, e incluso a chegada de mozos e mozas procedentes do ámbito urbano, o que fai desta a denominación de orixe con máis mocidade no viñado, e onde máis da metade dos colleiteiros en activo ten menos de 41 anos.



Recentemente o Grupo Socialista tiña coñecemento de que trala xubilación dun enólogo e dun especialista en viticultura do centro que o Evega ten en Leiro (Ourense), estas prazas levan preto dun ano sen cubrir, e a lectura das analíticas e o asesoramento en aspectos técnicos da viticultura se realiza en moitos casos vía telefónica por técnicos e técnicas da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia, dependente tamén da Consellería de Medio Rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter a calidade no servizo que se presta na Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, situada no concello ourensá de Leiro, garantindo o mantemento dos postos de traballo, e que de maneira urxente se cubran as prazas vacantes por xubilación dun enólogo e dun especialista en viticultura.

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/01/2019 09:42:26**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/01/2019 09:42:31**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 09:42:36**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/01/2019 09:53:06  
Nº Rexistro: 44686  
Data envío: 28/01/2019 09:53:06.486

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/01/2019 09:42:42**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG-UhyFcfVto-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### **Exposición de motivos:**

O servizo de fisioterapia na sanidade pública galega aínda non está de todo normalizado, pese a repercusión que ten na poboación.

En Galicia, existe un déficit moi grande en canto a prazas públicas, ao que non se lle pon solución nesta última Oferta Pública de Emprego, xa que as prazas que se convocan son para consolidar a situación temporal das persoas que están interinas, o que provoca que sigamos moi lonxe de cumprir coas ratios recomendadas pola OMS.

Esta falta de creación de novas prazas no Sergas, non é comprensible tendo en conta o colapso con longas listas de espera tanto en Atención Primaria como en Atención Especializada que provoca unha derivación á privada e un aumento de gasto sanitario.

A planificación e aumento de fisioterapeutas no Servizo Galego de Saúde, tería como consecuencia unha mellora no sistema, xa que unha correcta aplicación da ratio de fisioterapeutas na Atención Primaria así como unha eficiencia no desenvolvemento das súas funcións, diminuiría a saturación da especializada, mellorando a calidade do sistema e a xestión de recursos que non terían que ir a parar a centros privados por incapacidade da pública na prestación do Servizo.

Ademais, o envellecemento da poboación galega vai unido a un aumento de procesos crónicos que supoñen un incremento de gasto para o sistema e que en moitos casos a fisioterapia supón unha ferramenta importante que pode abordar os mesmos.





Segundo o Colexio Oficial de fisioterapeutas de Galicia, a Consellería de sanidade ten elaborada unha Guía de fisioterapia na Atención Primaria, pero por motivos descoñecidos aínda non é pública.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Incorporar a fisioterapia ó servizo básico de saúde na Atención Primaria, de tal forma que os centros de saúde contén con profesionais no seu plantel segundo as ratios recomendadas pola OMS, de tal xeito que nos casos nos que as ratios sexan menores ás recomendadas, haberá un persoal profesional de referencia o máis preto posible.
- Liberar de actividade asistencia aos coordinadores/as de AP de cada EOXI.
- Integrar ás persoas profesionais de fisioterapia nos grupos de traballo xunto as medicina en Atención Primaria e ao resto de profesionais, creando equipos de traballo interdisciplinarios.
- Rematar, publicar e implantar a Guía de actuación da fisioterapia na Atención Primaria en Galicia.
- Abrir o acceso directo dos pacientes ás Unidades de Fisioterapia en Atención Primaria como medida para diminuír consultas de médicos de Atención Primaria en patoloxía articular e músculo-esquelética.
- Acondicionar ás Unidades de Fisioterapia en Atención Primaria que o precisen, para a abordaxe da cronicidade e dos problemas derivados do envellecemento mediante exercicio terapéutico.
- Contratar fisioterapéuticas en acumúloos de tarefas para prestar atención de forma inmediata aos pacientes que se atopan en lista de agarda.
- Mellorar a cantidade e calidade dos cursos de formación, que deben ser propostos polos coordinadores e supervisores de área.





Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/01/2019 16:23:42**

**Luis Villares Naveira na data 28/01/2019 16:23:49**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### **Exposición de motivos:**

O servizo de fisioterapia na sanidade pública galega aínda non está de todo normalizado, pese a repercusión que ten na poboación.

En Galicia, existe un déficit moi grande en canto a prazas públicas, ao que non se lle pon solución nesta última Oferta Pública de Emprego, xa que as prazas que se convocan son para consolidar a situación temporal das persoas que están interinas, o que provoca que sigamos moi lonxe de cumprir coas ratios recomendadas pola OMS.

Esta falta de creación de novas prazas no Sergas, non é comprensible tendo en conta o colapso con longas listas de espera tanto en Atención Primaria como en Atención Especializada que provoca unha derivación á privada e un aumento de gasto sanitario.

A planificación e aumento de fisioterapeutas no Servizo Galego de Saúde, tería como consecuencia unha mellora no sistema, xa que unha correcta aplicación da ratio de fisioterapeutas na Atención Primaria así como unha eficiencia no desenvolvemento das súas funcións, diminuiría a saturación da especializada, mellorando a calidade do sistema e a xestión de recursos que non terían que ir a parar a centros privados por incapacidade da pública na prestación do Servizo.

Ademais, o envellecemento da poboación galega vai unido a un aumento de procesos crónicos que supoñen un incremento de gasto para o sistema e que en moitos casos a fisioterapia supón unha ferramenta importante que pode abordar os mesmos.





Segundo o Colexio Oficial de fisioterapeutas de Galicia, a Consellería de sanidade ten elaborada unha Guía de fisioterapia na Atención Primaria, pero por motivos descoñecidos aínda non é pública.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Incorporar a fisioterapia ó servizo básico de saúde na Atención Primaria, de tal forma que os centros de saúde contén con profesionais no seu plantel segundo as ratios recomendadas pola OMS, de tal xeito que nos casos nos que as ratios sexan menores ás recomendadas, haberá un persoal profesional de referencia o máis preto posible.
- Liberar de actividade asistencia aos coordinadores/as de AP de cada EOXI.
- Integrar ás persoas profesionais de fisioterapia nos grupos de traballo xunto as medicina en Atención Primaria e ao resto de profesionais, creando equipos de traballo interdisciplinarios.
- Rematar, publicar e implantar a Guía de actuación da fisioterapia na Atención Primaria en Galicia.
- Abrir o acceso directo dos pacientes ás Unidades de Fisioterapia en Atención Primaria como medida para diminuír consultas de médicos de Atención Primaria en patoloxía articular e músculo-esquelética.
- Acondicionar ás Unidades de Fisioterapia en Atención Primaria que o precisen, para a abordaxe da cronicidade e dos problemas derivados do envellecemento mediante exercicio terapéutico.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.





Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/01/2019 16:27:05**

**Luis Villares Naveira na data 28/01/2019 16:27:16**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Eva Solla Fernández, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa á presenza de persoal de enfermaría nos centros de ensino.

### Exposición de motivos:

A infancia e a adolescencia son con seguridade as etapas vitais onde a aprendizaxe e asimilación de novos coñecementos se produce con máis facilidade, por iso, tamén as etapas idóneas para adquirir hábitos de vida saudables e nas que é máis favorable realizar prevención primaria en materia de saúde.

Igualmente, os hábitos de vida actuais e as diferentes problemáticas sociais están a producir que moitos nenos e nenas padezan xa problemas de saúde importantes coma poden ser a obesidade e a diabetes mellitus, que xunto con outras enfermidades, sobre todo as de tipo crónico, precisan dun adecuado control e tamén de educación sanitaria que fomenta a prevención secundaria nos casos de cronicidade.

Tanto a educación para a saúde na infancia e mocidade, coma a prevención primaria e secundaria son tarefas que xa desenrola persoal de enfermaría nos centros de ensino de algúns territorios do Estado e de diversos países europeos, constituíndo non só unha mellora no nivel de coñecementos sobre saúde do alumnado, se non tamén da totalidade da comunidade educativa, pais, nais e profesorado e representando ademais unha atención sanitaria inmediata en caso de episodios agudos no centro escolar.

A educación en materia de hábitos alimentarios, educación sexual, hábitos hixiénicos, primeiros auxilios, etc. para toda a comunidade educativa deba ser unha prioridade.





Dados os beneficios demostrados da presenza de persoal sanitario, neste caso de enfermaría, nos centros de ensino, a Xunta de Galicia debera explorar a súa integración paulatina nos centros da nosa rede pública.

Por todo isto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta e á Consellería de Sanidade elaborar un plan para comezar a implantación progresiva da enfermaría escolar nos centros escolares da rede pública, facendo partícipes ás e aos profesionais de atención primaria e especialistas en saúde comunitaria e á comunidade educativa.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/01/2019 17:44:42**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/01/2019 17:44:50**

**Luca Chao Pérez na data 28/01/2019 17:44:56**

**Luis Villares Naveira na data 28/01/2019 17:45:03**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Apostar por unha AP de calidade, suporía unha mellora para o conxunto da sanidade pública que se fai totalmente necesaria nunha sociedade, na que as condicións sociais e de saúde están mudando de xeito acelerado, influídas polo envellecemento da poboación que provoca a cronicidade de moitas patoloxías, polo que as melloras no primeiro nivel da cadea asistencial resultan totalmente necesarias.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde.

Coa excusa da crise, a perda de recursos económicos, humanos e tecnolóxicos, masifica e precariza a AP perpetuando a falta de tempo de consulta, a baixa calidade da atención e unha escasa capacidade resolutiva, producindo unha descapitalización do primeiro nivel asistencial.





Os recortes orzamentarios así como a suspensión do Plan de Mellora da Atención Primaria para o que estaba previsto a construción de novos Centros de Saúde e a creación de prazas de medicina de familia, pediatría ou enfermería, son exemplos do desmantelamento que se está a producir.

A política que está levando a cabo o goberno galego coa sanidade pública e concretamente coa AP, utiliza como modelo as xestións privatizadoras empregadas por outras autonomías como por exemplo Madrid.

A posta en marcha das xerencias integradas e a eliminación das xerencias de AP, xunto con todos os recortes enumerados, anulou a capacidade de xestión e influencia deste nivel asistencial, deixando de contemplar a AP como eixo fundamental do sistema, favorecendo a creación de entidades empresariais e novas formas de xestión privada como consecuencia do desmantelamento da calidade na sanidade pública para facilitar a entrada do sector privado no Sistema Sanitario Público.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Elaborar un Plan de Mellora da Atención Primaria, en coordinación cos e coas profesionais, dotándoa do persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios, para garantir as políticas de promoción e prevención da saúde así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de AP para unha mellora na capacidade decisoria e de xestión.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.





Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/01/2019 18:01:17**

**Luis Villares Naveira na data 28/01/2019 18:01:27**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Apostar por unha AP de calidade, suporía unha mellora para o conxunto da sanidade pública que se fai totalmente necesaria nunha sociedade, na que as condicións sociais e de saúde están mudando de xeito acelerado, influídas polo envellecemento da poboación que provoca a cronicidade de moitas patoloxías, polo que as melloras no primeiro nivel da cadea asistencial resultan totalmente necesarias.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde.

Coa escusa da crise, a perda de recursos económicos, humanos e tecnolóxicos, masifica e precariza a AP perpetuando a falta de tempo de consulta, a baixa calidade da atención e unha escasa capacidade resolutiva, producindo unha descapitalización do primeiro nivel asistencial.





Os recortes orzamentarios así como a suspensión do Plan de Mellora da Atención Primaria para o que estaba previsto a construción de novos Centros de Saúde e a creación de prazas de medicina de familia, pediatría ou enfermería, son exemplos do desmantelamento que se está a producir.

A política que está levando a cabo o goberno galego coa sanidade pública e concretamente coa AP, utiliza como modelo as xestións privatizadoras empregadas por outras autonomías como por exemplo Madrid.

A posta en marcha das xerencias integradas e a eliminación das xerencias de AP, xunto con todos os recortes enumerados, anulou a capacidade de xestión e influencia deste nivel asistencial, deixando de contemplar a AP como eixo fundamental do sistema, favorecendo a creación de entidades empresariais e novas formas de xestión privada como consecuencia do desmantelamento da calidade na sanidade pública para facilitar a entrada do sector privado no Sistema Sanitario Público.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un Plan de mellora da Atención Primaria, dotándoa de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios para garantir políticas de promoción e prevención da saúde, así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora da capacidade decisoria e de xestión.
- Dotar os Puntos de Atención Continuada de equipos completos (Profesional de enfermería e medicina).
- Dar cumprimento ás Directivas Europeas en materia de tempos de traballo do persoal dos Puntos de Atención Continuada.





- Dotar os Puntos de Atención Continuada de persoal suficiente en función de criterios obxectivos baseados na carga asistencia, dispersión, distribución etaria, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061.
- Mudar o actual cómputo horario do persoal dos Puntos de Atención Continuada de maneira que non se contabilicen as incapacidades temporais e permisos retribuídos como tempo non traballado.
- Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/01/2019 19:02:41**

**Luis Villares Naveira na data 28/01/2019 19:02:50**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A Consellería do Mar acaba de publicar a Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). O crédito orzamentario destas axudas destinado a limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies é de 140.000 €, no relativo a mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático é de 100.000 €, e para a substitución de motores conségnanse 80.000 €.

Tal e como establece o título das axudas e posteriormente o detalle do crédito orzamentario, o obxectivo desta liña non é outro que mellorar a sustentabilidade da pesca, así como a mellora das condicións de traballo. Obxectivos que desde o Grupo Socialista compartimos xa que o consideramos de grande importancia para o futuro do sector, ademais de ir en liña co establecido no Plan Estratéxico Galego 2015-2020, eixe 3, denominado *Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes*.

Non obstante, a cuestión que se formula está en relación co crédito para tal fin, xa que a porcentaxe disposta non alcanza nin o 0,2 % do total do orzamento da Consellería do Mar. É difícil comprender como se van acadar uns obxectivos de tal importancia, sen unha asignación de maior importe. O certo é que a Consellería vén argumentando repetidamente que desde o sector non se solicitan as axudas, pero entendemos que o labor dun Goberno debe ir máis alá que a simple adxudicación ou denegación das solicitudes recibidas, debería levar a cabo accións de divulgación e sensibilización en relación cos cambios que se están a producir na pesca pola crecente e robusta evidencia de cambio climático, moi necesarias para facer chegar a este sector a necesidade de adaptarse ás novas exixencias.

Xa no ano 2015, o Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC) nas conclusións do V informe de Avaliación, realizado en colaboración con numerosos investigadores e xestores, e coordinado pola Oficina



Española de Cambio Climático (OECC), expresaban a súa preocupación polos efectos do cambio climático no medio mariño, entre outros, mencionaban cambios e efectos a nivel físico-químico (aumento do nivel e da temperatura da auga, diminución do ph...), e cambio e efectos a nivel biolóxico.

As accións son necesarias de cara a un desenvolvemento sostible, e posibles, se as institucións establecen os recursos que propicien a innovación tecnolóxica e os cambios nas condutas para a adaptación ao novo marco.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego ampliar e facer unha campaña de sensibilización e divulgación, antes de que remate o actual período de sesións, da liña de axudas recollidas a Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 29/01/2019 10:39:13**

**Patricia Otero Rodríguez na data 29/01/2019 10:39:25**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/01/2019 10:39:35**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

A situación pola que atravesamos o Centro de Saúde de Mugar dos acumulamos desde hai tempo un conxunto de deficiencias que, lonxe de solventarse, agrávanse progresivamente; incidindo moi negativamente na atención ás usuarias e usuarios do servizo de saúde.

Estamos a falar da amortización práctica de persoal facultativo, ao non substituír as ausencias. De feito, dos catro médicos que forman a plantilla do centro poucas veces estiveron ao completo; mesmo chegando a haber só unha persoa.

Como resultado do anterior, provócase un auténtico caos na asignación de citas, retrázanse os horarios de atención previsto nas citas; e facendo que moitas usuarias decidan trasladarse ao PAC de Fene.

Un panorama no que, ao final, pouco máis se fai que atender ás persoas usuarias, mais non facer un seguimento da doenza. E, ademais, derivado do anterior provócanse situacións de enfrontamentos entre usuarias e persoal do Centro; que en nada favorece a relación asistencial.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ao fío desta situación, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que proceda a substituír á totalidade do persoal do Centro de Saúde de Mugardos tanto nas súas licenzas como vacacións.”

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2019 11:17:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/01/2019 11:17:37**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/01/2019 11:17:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2019 11:17:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2019 11:17:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/01/2019 11:17:43**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortalidade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do CHUOU non está dispoñible as 24 horas do día, o que provoca centos de traslados ao Complexo Hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago, o que supón dende o punto de vista do Grupo Socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

A marxinación que durante estes anos sufriu Ourense, era ata o de agora moi similar no caso de hemodinámica á de Lugo, ata que o pasado 24 de xaneiro o conselleiro de Sanidade anunciaba que o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), contará co servizo de hemodinámica as 24 horas como reivindicaron persoal sanitario e usuarios e usuarias durante anos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar, de maneira urxente, o servizo de hemodinámica 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de respectar os principios de equidade e seguridade dos pacientes.

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2019





**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 29/01/2019 12:15:12**

**Raúl Fernández Fernández na data 29/01/2019 12:15:17**

**Julio Torrado Quintela na data 29/01/2019 12:15:21**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/01/2019 12:15:27**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

Dende hai tempo están a xurdir iniciativas para a instalación de crematorios en calquera punto das cidades de Galicia que aínda hoxe carecen deles. Poderíase poñer a Pontevedra como exemplo recente, pois xa é firme a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anulou o regulamento municipal e a modificación puntual do PXOM para impedir a construción de crematorios no casco urbano.

O problema real é que a normativa galega que regula a instalación de tanatorios e/ou crematorios nos cascos urbanos das cidades adoce de importantes baleiros.

1. O Decreto 134/1998, do 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria non está actualizado e non prevé ningunha franxa de separación para tanatorios nin tampouco para crematorios de cadáveres.

2. Por outra banda, o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental atribúe á Consellería de Medio Ambiente as competencias en materia de medio ambiente e a emisión do ditame de avaliación de incidencia ambiental, ao que se deben someter os crematorios, hospitais e cemiterios. Tampouco neste texto hai determinada distancia de precaución algunha.

Este grupo parlamentario preguntaba xa a finais de 2012 sobre o asunto e a resposta, case un ano despois, foi que estaba a traballar nun novo decreto de sanidade mortuoria e que era necesario un novo marco normativo xeral. Mais o certo é que, máis de 5 anos despois, non hai nova normativa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á instalación de



tanatorios e/ou crematorios nos cascos urbanos das cidades, a:

1. Elaborar un novo decreto que substitúa ao Decreto 134/1998, do 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria, establecendo unha franxa de protección-separación aos núcleos habitados para este tipo de instalacións.
2. Aplicar efectivamente o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, co obxecto de extremar os principios de prudencia e cautela no que atinxe ás instalacións dedicadas á cremación de cadáveres.

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 29/01/2019 12:24:29**

**Julio Torrado Quintela na data 29/01/2019 12:24:35**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2019 12:24:45**

**María Luisa Pierres López na data 29/01/2019 12:24:51**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/01/2019 12:24:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Monforte precisa máis prazas de escolas infantís de 0 a 3 anos, pois anualmente a demanda supera á oferta existente.

Actualmente, o municipio conta cunha escola de titularidade municipal, con 41 prazas, a escola “Parruliños”, con 43 prazas autorizadas, e a escola que fora de Caixa Galicia, con 35 prazas, 10 das cales son concertadas por parte da Xunta, nun lote que saíu adxudicado en febreiro de 2018, e con 14 en lista de agarda.

Monforte de Lemos non conta cunha escola pública de ensino infantil da rede autonómica.

Recentemente, a Escola Infantil San Vicente de Paúl (antiga Caixa Galicia) vén de anunciar que ten graves dificultades económicas para continuar co servizo, o que poría en perigo tanto as prazas de gardería como seis postos de traballo.

En total, hai 119 prazas autorizadas de gardería en Monforte, co cal, de pechar a escola citada, perderíase máis do 30% das mesmas.

Antes das eleccións municipais de 2015, o Concello de Monforte comprometérase en camiñar cara unha unificación de dito centro coa escola infantil municipal, mais non hai constancia de avances neste sentido; avances que







deberan comezar por facer un informe sobre as posibilidades, ou non, de unificación dos centros.

Hai que ter en conta que hai liñas de financiamento para equipamento, mantemento e infraestruturas para escolas infantís por parte da Xunta; iso si, son fondos claramente insuficientes.

A Xunta afirma, nunha resposta ao Grupo Parlamentario de En Marea, que no curso 2016/2017 se concederon 24 bonos Concilia a familias de Monforte de Lemos. O bono concilia é unha axuda que ten por “obxecto contribuír a sufragar o custo dunha praza nunha escola privada a aquelas que non a obtiveran nun centro con financiamento público ou que residan en concellos onde non hai un recurso deste tipo sostido con fondos públicos”, pero de pouco vale en Monforte se tampouco hai oferta privada suficiente. De feito, todos os anos hai lista de agarda tanto na gardería municipal (ata 40 nenos e nenas en lista de agarda) como nas privadas.

A Xunta afirma que “todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obterán” e, en sede parlamentaria, o ex Conselleiro de Política Social afirmou que dotará de escolas infantís a aqueles concellos que o soliciten (comparecencia do 6 de xuño de 2017).

A provincia de Lugo ten a rateo máis baixa de Galiza en número de prazas de escolas infantís. Para En Marea, contar con recursos públicos de conciliación en todo o territorio galego debe ser unha prioridade do Goberno dun País socialmente avanzado, máis no caso dunha nación en recesión demográfica, especialmente nas zonas máis avellentadas, como a comarca de Lemos. Desgraciadamente, a Proposición non de lei que o Grupo Parlamentario de En Marea presentou no Parlamento en decembro de 2017 para aumentar as prazas en escolas infantís na provincia de Lugo foi rexeitada polo PP.





Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Impulsar unha mesa de traballo con todos os axentes implicados (Xunta, Concello de Monforte, empresa, persoal e pais e nais do alumnado) para buscar unha solución inmediata ao posible peche da gardería San Vicente de Paúl de Monforte.
- Dotar o Concello de Monforte de Lemos cunha escola infantil da rede da Galiña Azul, con prazas suficientes para cubrir a demanda existente e futura.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/01/2019 12:49:22**





**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 12:49:31**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a obrigatoriedade da vacina contra a rabia nos animais de compañía como cans, gatos, e furóns, unha vez ao ano.

### Exposición de motivos

A rabia é unha enfermidade vírica que ocasiona trastornos no Sistema Nervioso Central das persoas afectadas e mortal na totalidade dos casos. Consta na lista do código Sanitario para os Animais Terrestres da Organización Mundial de Sanidade Animal.

O virus da rabia transmítese a través da saliva do animal enfermo cando se inocula a persoa sa a través de feridas, laceracións ou mordeduras na pel, causadas polo animal transmisor ou ben preexistentes. Tamén se describiu a transmisión por vía aérea en situación de presenza de aerosois con alta concentración vírica en covas pouco venteadas e con moita poboación de morcegos. E tamén a través das mucosas, inda que non a través da pel intacta.

Os síntomas da enfermidade varían en función de diferentes factores como a proximidade do SNC (encéfalo) ao punto de inoculación, da existencia de mordeduras múltiples e profundidade, inervación da zona ou as variantes e cantidades do virus, así como a ausencia ou o tratamento das feridas.

Nas persoas, a incubación dura de 2 a 8 semanas ( inda que pode ir dos 10 días ata varios anos). Na cabeza, pescozo e extremidades anteriores tenden a desenvolverse antes que as causadas no tronco e nas pernas.





A enfermidade é mortal despois da aparición dos síntomas.

Hai unha distribución mundial, cun grande número de mamíferos susceptibles, que actúan como reservorios da infección, e que cunha incidencia de mortalidade de entre 40.000 a 60.000 ao ano, principalmente nos países en vías de desenvolvemento.

Europa e particularmente o Estado español erradicaron rabia terrestre e a súa presenza malia que nas cidades de Ceuta e Melilla se dean casos esporádicos, pola proximidade con Marrocos. Dentro da enfermidade da rabia diferenciamos dous ciclos epidemiolóxicos

- O ciclo dos mamíferos terrestres: cans, gatos, algúns carnívoros como o raposo, etc.
- O mantido por os morcegos.

As persoas poden adquirir a enfermidade polas dúas vías. O primeiro ten un impacto maior xa que afecta a animais domésticos (gatos, cans, e furóns) ou rabia urbana, mentres que o segundo é menos frecuente xa que os implicados son animais silvestres (rabia selvática).

A rabia dos morcegos non supón un risco epidemiolóxico importante, salvo por manipulación dos animais afectados ou se produza unha mordedura accidental. De feito este ano pasado activouse o protocolo ao ser atacada unha muller por un morcego autóctono en Lugo.

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2018/10/19/murcielago-muerde-mujer-lugo-obliga-hula-activar-protocolo-rabia/0003\\_201810G19P8991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2018/10/19/murcielago-muerde-mujer-lugo-obliga-hula-activar-protocolo-rabia/0003_201810G19P8991.htm)

O HULA notificou ao Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia este caso e aplicou os procedemento para as mordeduras de quirópteros, e na captura do animal para o estudo e vixilancia ademais da aplicación do tratamento estipulado.





E o envío ao Laboratorio de Sanidade e Produción Animal dunha mostra de saliva, coa identificación do animal e a zona de captura para a comprobación de que está libre de rabia, así como o envío de mostras ao laboratorio de Majadahonda especializado en rabia .

Así pois no Estado, erradicouse a rabia nos animais terrestres desde o ano 1966, salvo o brote nos anos 70 en Málaga que se saldou con dúas persoas mortas e decenas de animais afectados. A rabia terrestre erradicouse mediante a vacinación oral dos animais. A eliminación da enfermidade como zoonosis (que se transmite de animais a persoas) depende do control e erradicación nos mamíferos implicados no ciclo da transmisión.

A medida que reduce a incidencia da rabia nas persoas é a vacinación masiva de animais domésticos (cans, gatos, furóns). A vacina entre o 70-80% dos cans bloquea a ocorrencia da epidemia de rabia e é esa a cifra de inmunización recomendada pola OMS.

O Consello de Colexios Veterinarios de Galicia (CCVG) que aglutina aos entes profesionais das 4 provincias, instou a Xunta a revisar a normativa sobre a vacina antirrábica e instalala de xeito obrigatorio e anual nos cans, gatos, e furóns en Galicia.

Este último ano diagnosticáronse algúns casos de rabia en mordeduras causadas por morcegos en Valladolid, cun positivo por lyssavirus europeo de morcego tipo 1 (EBLV 1) e en Huelva, atópanse entre os casos máis recentes. Outros casos importantes foron o diagnóstico de rabia por mordedura dun can a 4 menores e un adulto no 2014.

Segundo datos da OMS a rabia causa 59.000 mortes de persoas ao ano. No ano 2013 o Ministerio de Sanidade publicou un Plan de continxencia para o control da rabia en animais domésticos, e no que se recolle que o feito de que existan





CCAA onde a vacina non é obrigatoria é un factor de risco, segundo recolle o Consello de Colexios Veterinarios de Galicia.

Por isto, e por casos importados de zonas endémicas de rabia, os profesionais reclaman a obrigatoriedade na nosa comunidade e no resto do Estado.

Galicia non rexistrou ningún caso de rabia desde o ano 1962, o que supuxo a declaración de libre de rabia do país desde o 15 de febreiro de 1994.

Segundo o plan de contingencias no Ministerio se o caso de Lugo, por exemplo, se declarase como un caso de rabia, sería un nivel de Alerta 1 que establece a obriga de vacina obrigatoria dos animais de compañía e a revacunación daqueles animais menores de 12 meses. A Xunta descoñece o número de animais vacinados, por non existir ningún rexistro fiable das vacinas rexistradas.

Por outra banda é necesario tamén controlar a Leishmaniosis, xa que aumentan os casos desta enfermidade na leishmaniosis humana visceral, en persoas inmunosuprimidas, pacientes transplantados ou enfermos de Sida, e en individuos inmunocompetentes, segundo alertaron o coordinador da Unidade de Referencia Nacional para Enfermidades Tropicais, Servizo de Enfermidades Infecciosas do Hospital Universitario Ramón e Cajal de Madrid, Rogelio López-Vélez e Guadalupe Miró, catedrática do Departamento de Sanidade Animal da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid, xa que o flebótomo (insecto que transmite a leishmaniosis) dilatou o período de actividade no Estado nos últimos anos, por mor do quentamento global e tamén porque hai máis animais que actúan como reservorio da mesma como os coellos, orangutáns... e é necesario vixiar e controlar os cans enfermos de Leishmania, nomeadamente aquelas razas como o bulldog francés, boxer, carlinos, máis predispostos a esta enfermidade.

Tamén a enfermidade de Weil, ou leptospirosis tivo presenza este ano pasado en Galicia, no Concello da Coruña, onde se pechou a canceira municipal para evitar





máis contaxios ou a extensión do brote, detectado nun can e posteriormente dous cans máis da mesma camada, recollidos polo servizo de lacería do concello. Nestes casos sometéronse os cans a tratamento e a supervisión veterinaria con antibiótico profiláctico. Di a OMS que a transmisión desta enfermidade bacteriana é rara e o contaxio por un animal dáse polo mexo do mesmo ou contaminado por este. As bacteria ingresan ao corpo a través de cortes ou abrasións na pel ou a través das membranas mucosas da boca, nariz e ollos.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Establecer como obrigatoria e anual a vacina contra a rabia nos animais de compañía como cans, gatos, e furóns.
- 2.- Manter un rexistro actualizado, en coordinación cos concellos e deputacións, da vacina antirrábica.
- 3.- Obrigar a vacinar aos cans por ser reservorio da enfermidade de Weil, contra a leishmaniosis.

Santiago de Compostela a 29 de xaneiro de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.







**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 13:04:50**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 13:04:58**



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación de Cultura**.

### Exposición de motivos

A igrexa de Vilabade, radicada no concello de Castroverde, ten un grave problema de humidades que se propagan por todo o templo, tal como acaba de denunciar o seu párroco, que afirma, tamén, que existe un proxecto de reparación xa dende 2017 e que o Bispado de Lugo está disposto a sufragar parte da obra.

Esta ten un custo aproximado de 55.000 euros con que se instalaría un sistema de ventilación e arranxo do tellado.

Esta igrexa, coñecida como a “catedral de Castroverde”, ten un singular interese arquitectónico polo que ten a declaración de BIC, ademais de altares e imaxes de grande valor que están en perigo pola humidade.

E, aínda mais, atópase no Camiño Primitivo polo que tería que ser unha prioridade da Xunta de Galicia segundo as súas propias manifestacións sobre a planificación do Xacobeo 2021.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer no menor tempo posible conversas formais co Bispado de Lugo para colaborar na restauración da igrexa de Vilabade no concello de Castroverde e poñer fin aos problemas que poñen en risco os valores artísticos e históricos do dito templo.”

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López

Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 29/01/2019 16:20:16**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2019 16:20:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/01/2019 16:20:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García, Manuel Lago Peñas e Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.**

### Exposición de motivos

Ante un novo cambio de paradigma no modelo económico provocado pola crise, que ameaza con deixar fóra do novo e precarizado mercado laboral a moitas familias, a Universidade da Coruña plantexou unha proposta, respaldada polo Concello para afondar na política de promoción industrial baseada no coñecemento e nas potencialidades endóxeas da área.

Trátase do proxecto da Cidade das TIC, unha proposta liderada pola Universidade da Coruña (UdC) coa colaboración do Clúster TIC, que demanda un polo de innovación potente radicado na propia cidade. A Cidade das TIC é un proxecto que procuraría “crear un ecosistema económico e académico que facilite a transferencia de coñecemento, a captación e retención de talento e, sobre todo, a atracción e desenvolvemento dun tecido industrial altamente competitivo”.

Un proxecto coma este ten agora máis sentido que nunca, xa que as empresas do sector TIC da área metropolitana están en plena fase expansiva e precisan novos espazos para ampliar as súas instalacións e ofrecer novos servizos. A Cidade das TIC levantaríase nas instalacións da antiga fábrica de armas, onde convivirían as empresas, a Universidade da Coruña e os centros tecnolóxicos asociados, co obxecto de producir sinerxías produtivas.





O 16 de xaneiro do presente ano, o reitor da UdC, Julio Abalde, presentou ao secretario de Estado de Defensa, Ángel Olivares, no Ministerio de Defensa, este proxecto. Á reunión acudiron o Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro; a Subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo; o deputado socialista Ricardo García Mira; e o concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema.

Durante a reunión, acordouse crear de forma inmediata unha comisión de traballo composta por representantes do Ministerio de Defensa, da Universidade da Coruña e do Concello da Coruña para dar forma ao proxecto da Cidade das TIC e buscar a fórmula xurídica máis axeitada para a súa materialización. Segundo o secretario de Estado de Defensa, xa está asinada a rescisión da actual concesión, polo que xa se poderían iniciar outras accións.

O proxecto conta, nestes momentos, cun apoio unánime dos actores implicados e dos grupos políticos con representación na cidade.

Precisamente porque existe un consenso amplo en torno a Cidade das TIC, custa entender a actitude negativa da Xunta ao respecto, que parece non querer sumar os seus esforzos a unha iniciativa tan necesaria para o futuro de A Coruña e de Galicia no actual momento de incerteza e mudanza económicas.

Custa entender esa actitude porque ademais o proxecto é compatible “tanto por superficie como por condicións urbanísticas e de uso, coa ampliación da oferta de equipamentos sanitarios e, no seu caso, coa construción dunha nova instalación sanitaria neses terreos”. A Cidade das TIC ocuparía só 90.000 das 267.000 metros de solo dispoñibles no terreo.





Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte  
Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Prestar a máxima colaboración, apoio e participación no deseño, planificación, tramitación e posta en marcha da Cidade das TIC nos terreos da antiga Fábrica de Armas da Coruña.
- 2) Aos efectos do sinalado no apartado anterior, facilitar desde a Consellaría de Economía, Emprego e Industria, IGAPE e demais entes públicos, o máximo apoio institucional e económico a tal iniciativa, en colaboración, coordinación e cooperación coas entidades promotoras e implicadas, nomeadamente coa Universidade e Concello.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Manuel Lago Peñas

Francisco Casal Vidal

Deputados e Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 17:04:39**

**José Manuel Lago Peñas na data 29/01/2019 17:04:50**

**Francisco Casal Vidal na data 29/01/2019 17:04:57**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa á situación das infraestruturas de sanidade no concello de Cangas do Morrazo.

### Exposición de motivos:

A discriminación que sofre en materia de prestacións sanitarias a poboación do Morrazo é histórica. A súa atención hospitalaria dáse case de xeito exclusivo nun centro privado, POVISA, que non conta cos mesmos servizos que os hospitais públicos.

Por outra banda este feito unido á súa pertenza á área sanitaria de Vigo fan que os desprazamentos aos diferentes dispositivos sanitarios sexa moi habitual, encarecendo a atención sanitaria polos desprazamentos e afastando grande parte da atención.

Este motivo foi polo que no seu día deseñouse a necesidade de contar cun Centro de Alta Resolución no que se concentrasen algunhas probas complementarias básicas e algunhas consultas especializadas, para procurar acercar e axilizar consultas de menor complexidade.

Sen embargo, este proxecto nunca se levou a cabo. A entrada do Partido Popular no Goberno bloqueou sistematicamente o desenvolvemento de este e moitos outros dispositivos sanitario deseñados para a mellora do sistema.

No caso da atención primaria a situación do centro de saúde de Aldán-O Hío non edificado é totalmente incomprensible. Despois de terse comprometido a súa construción e mercado terreos o Concello que puxo a disposición da







Xunta, as parcelas seguen criando herba mentres o Partido Popular vota cada ano en contra de dotar dun novo centro de saúde.

Ese maltrato continuo que sofren as mulleres e homes de Cangas por parte da Xunta fai aínda máis rocambolesco o anuncio en positivo por parte da Xunta da vontade de construír un “Centro de Integral de Saúde”.

Un eufemismo no que trasladar que non só non se vai dotar a vila dun centro de saúde novo e dun CAR, se non que se pretende unificar o centro de saúde de Cangas e o de Moaña, perdendo superficie e afastando o servizo.

Un centro para o que nin tan sequera existe partida nos recen aprobados orzamentos de 2019.

Ante estas circunstancias, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a comprometer publicamente orzamento para o centro de saúde de Aldán-O Hío e para un verdadeiro Centro de Alta Resolución, iniciando os trámites para a súa licitación na maior brevidade posible.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 16:58:56**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 16:59:03**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena, Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 8.<sup>a</sup>**

### **Exposición de motivos:**

A presente iniciativa ten como principal obxectivo por de releve a desigualdade de trato e a inxustiza existente no sector pesqueiro por mor do actual sistema de reparto de TACs e cotas (distribución das posibilidades de pesca) para a frota de artes menores.

Ata fai pouco, na Unión Europea (UE) definíase a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.

Elo implicaba que tódalas embarcacións maiores de 12 metros, quedarían fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importantes prexuízos para esta frota –ex. non poder acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP's) con fondos FEMP.

A día de hoxe, a UE está a utilizar unha definición multiparamétrica da pesca costeira artesanal, sendo necesario para o recoñecemento desta frota como tal, o cumprimento de alomenos tres, dos cinco criterios seguintes: 1. Eslora das embarcacións inferior a 12 metros. 2. Distancia do caladoiro, faenar dentro de





augas nacionais. 3. Duración máxima das mareas: 24 horas. 4. Utilización de artes de pesca sostibles. 5. Máximo de 4 tripulantes enrolados e a bordo.

Ata o ano 2013, a normativa estatal na materia (Orden ARM/271/2010, do 10 de febreiro, modificada pola Orden ARM/3315/2010, do 21 de decembro) establecía uns criterios para o reparto e xestión das cotas de diferentes especies por modalidades de pesca e dentro de cada modalidade por tripulante embarcado a bordo e día.

A partir da dita anualidade e a través da Orden AAA/1307/2013, do 1 de xullo, derogada pola Orden AAA/2534/2015, establecéronse plans de xestión para a distribución das posibilidades de pesca e un sistema de reparto distinto ao que historicamente se viña aplicando, vencellado directamente cos datos de consumo de capturas históricas (datos obrantes na SEGEPESCA do período 2002-2011), ás que se lle deron prioridade fronte a aspectos socio-económicos das frotas afectadas nas distintas pesqueiras, ou o que é o mesmo, sen terse en conta que Galicia representa o 90% da frota de artes menores do Cantábrico-Noroeste, e a que, en aplicación do criterio por históricos, non acada máis dun 15% de cota nalgunhas especies.

En fin, pasouse dunha pesqueira lineal para todos os buques (cada embarcación dentro das súas capacidades de pesca e almacenamento e sen criterios de reparto por comunidade autónoma ou outras divisións territoriais) para se converter nunha fonte de desequilibrio interrexional dentro dun mesmo estado.

Asemade, catro anos despois da entrada en vigor da nova política pesqueira comunitaria (PPC), o sector da pesca artesanal segue sen poder cadrar esixencias, prohibicións e obxectivos. Bruxelas deixouno sen marxe de manobra, combinando cotas escasas e unha impracticable obriga de desembarco para todas as capturas. Dende o 01/01/2019 coa aplicación da política de “descartes cero”, poderá haber embarcacións que teñan que parar, despedir tripulacións ou incluso





ser despezadas.

A PPC, non está pensada nin adaptada á realidade da pesca artesanal e na UE só se escoitan e teñen en conta as demandas dos grandes *lobbies* pesqueiros, sen pórse en marcha medidas específicas para este segmento da frota. Sen dúbida haberá problemas, e podería chegar un momento no que a pesca artesanal quedase desmantelada.

Trátase pois dunha preocupante situación, de todo dramática para as comunidades pesqueiras de Galicia, altamente dependentes dunha actividade que da emprego directo a máis de 9.000 persoas.

En definitiva está dabondo demostrado que no intre de repartir as posibilidades de pesca, a frota artesanal sempre sae mal parada e discriminada, aínda tratándose da máis sostible, sustentable e respectuosa co medio mariño e a que garante menores capturas, mais de maior calidade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.<sup>a</sup>.

O Parlamento galego acorda demandar da Xunta de Galicia :

**Primeiro.-** Promover e consensuar as medidas necesarias para materializar a exclusión das capturas accesorias ou accidentais da frota costeira artesanal do sistema de tacs e cotas, dada a súa multiespecificidade e, polo tanto, o seu escaso impacto no estado dos recursos mariños.

**Segundo.-** Requirir un tratamento distinto e diferenciado da xestión das posibilidades de pesca da frota artesanal con respecto ás frotas industrial e/ou semiindustrial.





**Terceiro.-** Continuar reclamando que a pesca costeira artesanal quede exenta da obriga de desembarque.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 29/01/2019 17:38:40**

**Paula Quinteiro Araújo na data 29/01/2019 17:38:48**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 17:38:54**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Flora María Miranda Pena e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Folgo do Courel é un municipio duns 194 km<sup>2</sup> que conta cunha poboación total de 1.018 persoas (2018), das cales o 44,1% ten máis de 65 anos, cun índice de envellecemento dos máis elevados de Galiza, como sucede noutras zonas de montaña.

No Courel hai só 40 menores de 15 anos censados e o saldo vexetativo é negativo.

A vida nas zonas montañosas, como o Courel, impón unha serie de dificultades á hora de acceso aos servizos -maiores distancias- que se agravan se as Administracións, como é o caso, non apostan por garantir condicións de benestar.

A nivel de comunicacións, o Courel ten un grave déficit, tanto no estado e trazado das estradas como nos medios de transporte colectivo.

En canto aos servizos sanitarios, hai dous centros de saúde de Atención Primaria (en Seoane e en Folgo), pero, no verán, sistematicamente (tamén noutras datas), as prazas dos médicos de familia e de dúas enfermeiras dos centros de





saúde de Folgoso do Courel non son substituídas na súa totalidade durante as vacacións do persoal titular, co cal só queda un médico e unha praza de enfermería para os dous centros de saúde do municipio. Segundo o SERGAS, ambos centros teñen 820 persoas aseguradas adscritas pero, ademais, hai que ter en conta que a poboación do municipio aumenta durante o verán, dado a afluencia de turistas e o retorno de persoas do Courel que viven fóra habitualmente.

Deste xeito, as profesionais deben repartir o traballo entre os dous centros de saúde existentes en Folgoso do Courel, estando 3 horas en cada un dos centros, entre os cales hai 12,6 km por unha estrada estreita e sinuosa. Ademais, cando hai urxencias ou visitas a domicilio, os centros de saúde quedan sen persoal, cos conseguíntes problemas para as persoas usuarias, sobre todo cando hai algunha emerxencia.

A falta de substitución das vacacións do persoal de Atención Primaria é unha constante na Sanidade Pública do noso País. Tamén é constante a oferta de contratos temporais ás profesionais do SERGAS, condenando a zonas como o Courel á falta de cobertura de prazas.

Por outra parte, dende a xubilación do titular da praza de Seoane, en setembro de 2018, o SERGAS foi cubrindo a praza de xeito interino, porque, segundo o SERGAS, ningunha persoa das listas de contratación optou a ela, co cal se produciu un constante cambio de médico ou médica, co conseguínte prexuízo para o seguimento dos casos.

No DOG nº 42, do mércores, 1 de marzo de 2017, na Resolución do 10 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado







pola Resolución do 10 de decembro de 2014, modificada pola Resolución do 24 de abril de 2015, publícase unha praza de médico de familia con destino definitivo no Concello de Folgoso do Courel indicando como centro de saúde Seoane-Folgoso do Courel, con guión, como se fora o mesmo centro de saúde.

En Folgoso do Courel, ademais, xa non hai gardas nocturnas, sendo o centro sanitario de referencia para a poboación de Folgoso do Courel o PAC de Quiroga, a 15 km de distancia de Folgoso e a 25 km de Seoane, tardándose, no caso dalgúns lugares do municipio, máis dunha hora en chegar a dito PAC. Ademais, no traxecto dende O Courel ata o PAC de referencia, tense feito o traslado en ambulancia non medicalizada en situacións graves e téñense producido transbordos de pacientes no Alto do Boi.

Neste Concello non hai servizo de pediatría ningún día á semana, tendo que desprazarse os e as nenos ao Centro de Saúde de Quiroga, onde só hai servizo de pediatría dous días á semana, de mañá.

A cidadanía de Folgoso do Courel ten unha sensación de illamento sociosanitario, pois á falta de cobertura de baixas e permisos dos e das profesionais nos centros de saúde, únese o escaso mantemento das estradas, as distancias e tardanza en chegar ao PAC de referencia e a situación de desabastecemento de medicinas no municipio que se produciu no ano 2016. Esta sensación provoca que mesmo xente maior con patoloxías estea pensando en marchar do Concello a outras zonas con máis servizos.

No eido do benestar social, Folgoso do Courel non ten ningún tipo de servizo de residencia de maiores nin de centro de día, sendo estas vellas demandas da cidadanía. Tras moitos anos de promesas incumpridas por parte da Xunta, finalmente, Deputación e Concello asumen o proxecto de residencia e centro de día, pero non é ata o 1 de agosto de 2018 cando Deputación e Concello asinan un convenio para dotarse dunha residencia de maiores e dun centro de día.





Por outra parte, con motivo do concurso de traslados do ano 2015 quedou vacante o posto de Traballadora Social no Centro de Saúde de Quiroga.

Folgoso do Courel conta cunha “casa niño”.

As áreas de montaña son fundamentais para a protección da biodiversidade e do patrimonio cultural dos pobos. Tendo en conta as súas características, as zonas de montaña precisan políticas de “discriminación positiva” para garantir os servizos públicos, potenciando así que a cidadanía destes territorios poida vivir e traballar con dignidade, cos mesmos dereitos que o resto da poboación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>:

1. Impulsar un plan integral de mellora dos servizos sociosanitarios no Concello de Folgoso do Courel, con especial atención a:

- Mantemento de servizos de Atención Primaria dignos nos dous centros existentes no municipio, en Seoane e en Folgoso, substituindo os permisos, baixas e vacacións do persoal, coa cobertura estable das dúas prazas de medicina de Familia.
- Mellora da cobertura pediátrica da comarca de Quiroga-Courel a medio prazo.
- Cobertura da praza de Traballador/a Social no Centro de Saúde de Quiroga.
- Colaboración da Xunta con Deputación e Concello na dotación de prazas residenciais e de centro de día para persoas maiores.
- Aumento dos servizos de conciliación para menores de 3 anos.
- Aumento das frecuencias e liñas de transporte público colectivo no sentido de asegurar o acceso da poboación do Courel aos servizos





sociosanitarios do propio concello de da comarca, especialmente ao Centro de Saúde de Quiroga e ao Hospital de Monforte.

2. Habilitar crédito en 2019 para comezar a desenvolver o plan integral de mellora dos servizos sociosanitarios no Concello de Folgoso do Courel.

3. Impulsar unha “Lei para o desenvolvemento da Montaña Galega” que inclúa un plan integral de desenvolvemento da comarca de Quiroga e do Courel.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Davide Rodríguez Estévez  
Eva Solla Fernández  
Flora Miranda Pena  
Luís Villares Naveira  
Deputadas, deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/01/2019 17:57:36**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 17:57:43**

**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 17:57:53**

**Flora María Miranda Pena na data 29/01/2019 17:58:28**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 17:58:35**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre a supresión da aplicación de medidas de control e erradicación da praga da Tecia (Scrobipalpopsis) solanivora (Povolny) impostas polo Real Decreto 197/2017, de 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación desta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A praga da pataca ocasionada pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora) afectou dunha forma moi dura a diversas zonas de Galicia. En novembro de 2015 Medio Rural recoñecía oficialmente a praga na zona de Ferrol, Narón e Neda e meses despois decretaba tamén a corentena en Viveiro, Xove, Cervo, Foz e O Valadouro, na Mariña lucense. Hoxe, toda a comarca está afectada.

Unha das medidas que se adoptaron foi a que ditou a Resolución do 2 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Esta ampliou as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada Tecia solanivora Povolny ou couza guatemalteca da pataca e estableceu concellos, ben afectados, ben como zonas tampón.

Considerando que o vindeiro 2 de febreiro de 2019 vanse facer os dous anos mínimos para a aplicación de medidas de control e erradicación da praga impostos polo Real Decreto 197/2017, de 3 de marzo, por el que se establece el Programa nacional de control y erradicación de Tecia (Scrobipalpopsis) solanivora (Povolny), dende o Grupo Parlamentario de En Marea presentamos a





seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Valorar a situación da praga nos concellos afectados de Galicia segundo o establecido no artigo 8.1.a do Real Decreto 19/72017.
2. Que no caso de non detectarse capturas de Tecia solanivora nas trampas dentro dos territorios das zonas afectadas durante dous anos non se prorrogue o período de vixencia da prohibición de plantar pataca.
3. Que no seu caso se valore incluír estes concellos na zona tampón ou na zona libre de praga.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 29/01/2019 18:29:35**

**Antón Sánchez García na data 29/01/2019 18:29:45**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>, relativa á prevención do impacto nocivo dos petardos e fogos de artificios nos colectivos vulnerables.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada ano coñecemos historias semellantes de reaccións adversas dos animais de compañía, máis tamén silvestres, ao uso de pirotecnia para festexar determinadas datas, como o Aninovo, ou tamén ocasións excepcionais, que van dende festas patronais e parroquiais ata a celebración de vitorias deportivas.

Os foguetes, petardos e demais artefactos de estrondo non son asépticos. Estes elementos empregados de xeito tradicional teñen un impacto negativo sobre colectivos vulnerables, e non son pouco habituais imaxes e vídeos que reflicten o sufrimento dos animais, incluso mortes por paro cardíaco de cans, gatos e aves, e tamén das persoas con Trastornos do Espectro Autista, maiores, nenas e nenos, bebés, que teñen que soportar como mellor poidan estes espectáculos sonoros sen que os poderes públicos se teñan preocupado o máis mínimo no noso país.

Pequenos municipios en Italia, como Collecchio, ou varias comunas suecas, así como municipios de diversos países americanos, teñen advertido sobre os nocivos efectos da pirotecnia tradicional, e implementando iniciativas para mitigar o sufrimento, apostando por foguetes de baixo impacto sonoro, coñecidos





popularmente como “silenciosos”, ou mesmo espectáculos de luz, que xa son famosos logo da promoción que fan algúns circos renomeados a nivel internacional como o *Circus Roncalli*, da Alemaña, o *Cirque du Soleil* canadense e o *Dragone* belga.

No relativo aos cans, o animal de compañía presente case na metade dos fogares galegos e considerado como un membro máis de moitas familias, existen estudos científicos que falan dos riscos destes fogos de artificio habituais, onde a *Bristol Veterinary School* da *University of Bristol* xa advertía en 2013 dun catálogo extenso de síntomas, dende taquicardias, agresividade e nerviosismo ata a morte por mor dos espectáculos pirotécnicos e a falta de medidas preventivas. Tamén a *Norwegian University of Life Sciences*, en Oslo , identificou os foguetes como causa de medo nos cans, cunha mostra de máis de 5000 individuos, cuxo estudio foi publicado en 2015 pola *Applied Animal Behaviour Science*.

Ao respecto das persoas, organizacións de persoas con algún tipo de TEA, Trastorno do Espectro Autista, teñen impulsado campañas de sensibilización, tamén alertando dos riscos de empregar produtos pirotécnicos para a nenez, con novas onde se producen terribles accidentes que chegan a requirir importantes intervencións cirúrxicas, polo que a regulamentación tería que partir da base da seguridade na saúde, con independencia do risco que se produza cara unhas especies ou outras, e lembrando que o desfrute debe ter marcados certos límites para non interferir na integridade física e psíquica, como fan algunhas cidades regulando a minutaxe dos espectáculos e prohibindo o uso por parte de particulares de petardos ou foguetes.

Ante a situación mencionada consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar á Xunta a incluír medidas preventivas e tendentes á redución do uso de fogos artificiais de alto impacto sonoro no Decreto regulador da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.
2. Elaborar un decálogo de boas prácticas para previr os efectos nocivos da pirotecnia nos colectivos vulnerables, con especial incidencia na substitución dos espectáculos por outros menos prexudiciais para as persoas e a fauna.
3. Avaliar os efectos ambientais negativos do uso de pirotecnia en entornos rurais e urbanos co obxectivo de esixir a elaboración dos mesmos con compoñentes non tóxicos nin nocivos para o Medio natural, os animais e as persoas.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.







**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 29/01/2019 18:36:49**

**Marcos Cal Ogando na data 29/01/2019 18:36:58**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 18:37:10**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>** relativa á situación das infraestruturas de sanidade no concello de Lalín.

### Exposición de motivos:

O afastamento do concello de Lalín ao punto onde se sitúan grande parte das especialidades sanitarias, albergadas no Complexo Hospitalario Universitario de Compostela, unido ao avellentamento da poboación foron algúns dos motivos polos que na década pasada se definise a necesidade de contar cun Centro de Alta Resolución no que se concentrasen algunhas probas complementarias básicas e algunhas consultas especializadas, para procurar acercar e axilizar consultas de menor complexidade, así coma algunhas intervencións ambulatorias.

Sen embargo, este proxecto nunca se levou a cabo. A entrada do Partido Popular no Goberno bloqueou sistematicamente o desenvolvemento de este e moitos outros dispositivos sanitario deseñados para a mellora do sistema.

O rexeitamento a formalizar e orzamentar este proxecto a pesares de contar con terreos municipais acompañouse co persistente voto en contra en cada anualidade de todas as emendas efectuadas pola oposición aos orzamentos da Xunta para propor as partidas necesarias.

Sen embargo, tras rexeitar no mes de decembro as emendas de En Marea para a construción de este dispositivo, a Xunta anunciaba un “Centro de Integral de Saúde” para Lalín coma se este fose algún tipo de novidade.

O certo é que, a estas alturas, tras ter asinado un convenio co Concello, descoñecemos na realidade (só nas novas de prensa), cal é a diferenza co anterior





proxecto, que vai pasar co centro de saúde ou con que cartos se vai construír esta infraestrutura. Hai que lembrar que nin tan sequera existe partida nos recen aprobados orzamentos de 2019.

Ante estas circunstancias, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a comprometer documentalmente orzamento neste 2019 para un verdadeiro centro que albergue as especialidades e probas diagnósticas que estaban dispostas non proxecto do centro de alta resolución e licitar o seu proxecto coa maior brevidade.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 19:53:07**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 19:53:17**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

Dende a eliminación da capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte, que cobre a unhas 40.000 persoas, en 2010, o Hospital Comarcal de Monforte véñese resentindo nos seus servizos.

Pese á propaganda oficial da Xunta, que defendeu que o cambio reforzaría o Hospital, amósase que tiña razón a cidadanía que se mobilizou para defender a Sanidade pública: o Hospital está a sufrir un paulatino deterioro.

Por unha parte, a especialidade de dixestivo conta con só un profesional, estando xa dous anos sen o segundo dixestivo prometido (e necesario). Deste xeito, as listas de agarda para probas ordinarias poden chegar a pasar do ano e medio e con agardas intolerables en probas diagnósticas de tumores. Para poder axilizar colonoscopias cómpre mesmo facer ingresos hospitalarios non necesarios, co conseguinte aumento de prexuízos para a cidadanía e de aumento dos custes. No último concurso de traslados, non se sacou esta praza. Un dixestivo vén dous días á semana ao Hospital dende o HULA, algo claramente insuficiente e que supón reducir efectivos no Hospital de Lugo. Por outra parte, as probas do cribado de cancro de colon derívanse a Lugo.

Ata hai pouco non se recuperou a segunda praza de cardioloxía, pero logo de soportar durante máis de un ano intolerables listas de agarda neste servizo.





Recentemente, o Hospital quedou sen un médico rehabilitador, quedando só cunha praza, algo totalmente insuficiente nunha poboación avellentada.

No ano 2018 unha folga do persoal do Hospital acadou compromisos por parte do SERGAS de reforzar o persoal auxiliar e celador, pero os reforzos de persoal non son suficientes cando hai momentos de sobrecarga asistencial.

Por outra parte, a Subdirección do Hospital modificou unilateralmente carteleiras de servizos como o de partos, eliminando as quendas de 24h. Como consecuencia desta decisión, tres matronas que levaban toda unha vida traballando no Hospital de Monforte, no que esperaban xubilarse, pediron traslado, polo que agora, como non hai matronas e as que se conseguen que veñan son de lonxe, estase a facer de novo carteleira de 24 horas.

Agora están coa posta en marcha do programa de trazabilidade no servizo de esterilización, algo absolutamente necesario para asegurar a calidade na esterilización, pero para poder poñelo en marcha é preciso a contratación de persoal tanto de enfermaría como de auxiliares, pero isto non se contempla no plan do SERGAS, senón que o plan é quitar unha auxiliar de enfermaría de quirófano e unha enfermeira de mañás, cando sexa necesario.

Por outra parte, perdéronse os seguintes servizos e postos de traballo:

- Un perito en mantemento.
- Carpinteiro, que desde que se xubilou o titular se está a cubrir con acumulo de tarefas, pero non se convoca a praza vacante.
- Unha telefonista, que se cubre dende Lugo.
- A cafetería pasou a ser xestionada por unha cadea, en lugar de ser contratada a empresas locais, coa conseguinte perda da subministración na zona.
- Para mantemento e informática, depéndese de Lugo.





Ademais, o xefe de cociña solicita un cociñeiro/a porque co incremento das súas funcións non pode atender a cociña, e a resposta da Dirección é que están a ver a posibilidade de promocionar un pinche, co que o déficit produciríase entre os pinches.

Onde se plasman os compromisos, que é nos Orzamentos, a Xunta non aposta polo Hospital comarcal. Así, nos Orzamentos da Xunta para 2019, quedou só a partida de xenérica de 690.000 € destinada a “actuacións de mellora en hospitais comarcais”, que se corresponde con tres centros hospitalarios, sendo para a provincia de Lugo (e, polo tanto, para o Hospital de Monforte) só 190.026 €, o cal é irrisorio.

Continuamos dende en Marea, sen que se nos faciliten os datos concretos de listas de agarda reais de cada servizo nin o número de derivacións a Lugo e á privada. Tampouco a Xunta aínda nos trasladou o “plan de mellora” que di ter para o noso Hospital, e non entendemos esta falta de transparencia, a non ser que sexa porque dito plan ou non existe ou é un plan de desmantelamento. Se non hai nada que ocultar, que a Xunta responda e traslade listas de agarda, número de derivacións e plan detallado do que quere facer co Hospital nos vindeiros anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Cubrir, con urxencia, a praza de dixestivo e de médico/a rehabilitador no Hospital Comarcal de Monforte.
2. Trasladar ao Parlamento de Galicia, antes de tres meses, un plan detallado sobre o investimento e dotación de persoal para o Hospital de Monforte nos vindeiros anos.



3. Recuperar a Área Sanitaria de Monforte con capacidade de xestión.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Eva Solla Fernández  
Deputadas do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/01/2019 20:19:54**

**Eva Solla Fernández na data 29/01/2019 20:20:01**

**Luis Villares Naveira na data 29/01/2019 20:20:06**



## A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez Garcia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre a xestión dos residuos gandeiros na comarca de A Limia.

### Exposición de motivos:

Na Comarca da Limia, de xeito que foi desaparecendo a agricultura e gandería tradicional, e mudando cara un modelo intensivo, as augas da bacía hidrográfica do Rio Limia vanse tornando cada vez máis contaminadas.

Hoxe, esta comarca soporta unha carga gandeira de máis de 75.000UGM, equivalente a unha poboación de 1.6000.000 habitantes, que producen unha cantidade maior a un millón de toneladas de residuos que acaban depositándose ao aire libre e sen ningún tipo de depuración, tratamento, precaución e protección.

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas a produción de porcino e avícola . Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, **NON AMPARA EN ABSOLUTO** as prácticas que de forma rutineira e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medioambiente e a saúde humana :







- Proceso de eutrofia acusada no Encoro das Conchas,
- Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.
- Afección irreversible o encoro de Faramontaus ( presa de Gudín ) non sendo apta na actualidade para abastecemento...
- Empobrecemento da biodiversidade.
- Degradación paisaxística da comarca
- Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008 do 3 de novembro establece que quedan fora do seu ámbito de aplicación: Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.

Esta exclusión non ampara as aplicación incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato ( toxo e xestas ) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fora de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre ( sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Entregar aos grupos e deputados integrantes desta comisión a seguinte documentación:

a. Documentación sobre as medidas que se están a tomar para evitar que baixo un suposto amparo legal se leven adiante as prácticas descritas anteriormente e que a todas luces danan irreparabilmente o medioambiente e a saúde das persoas.

b. Documentación sobre as medidas que se están a tomar en relación ó depósito de esterqueiras ó aire libre e en contacto directo sobre o chan sen ningún tipo de soleira impermeabilizada.

c. Documentación sobre os controis que se fan respecto a xestión de envases de produtos fitosanitarios, xa que se seguen a ver numerosos episodios de envases directamente abandonados sobre o campo ou balsas de rega como se pode observar nunha das fotografías.

d. Documentación sobre que medidas de control se están a someter as empresas, especialmente a denominada ASER, no tocante o transporte e distribución de xurros.

e. Censo actualizado a día de hoxe da carga gandeira que está a soportar a Comarca da Limia.



2. Abrir unha investigación contactando coas autoridades competentes para depurar responsabilidades sobre o estado no que se atopa o chan e as augas da Comarca da Limia afectadas por este elevado nivel de contaminación.
3. Facer unha moratoria na comarca da Limia a instalación de novas granxas.
4. Ordenar as explotacións existentes e adoptar unha xestión ambientalmente sustentable dos residuos agrogandeiros xerados, que cumpra co Dereito da Unión Europea.
5. Revisar as superficies asociadas as explotacións de porcino.
6. Esixir as explotacións unhas balsas para a xestión de xurros adecuadas ó tamaño da explotación.
7. Facer un control exhaustivo sobre as empresas dedicadas ó transporte de xurros.
8. Por en funcionamento o centro de tratamento de xurros sito na Limia para tratar os excedentes producidos pola excesiva carga de porcino autorizada pola Consellería de Medio Rural.
9. Publicar un Decreto de Xestión de Residuos Agrogandeiros de obrigado cumprimento.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Antón Sánchez García  
Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 30/01/2019 11:54:37**

**Antón Sánchez García na data 30/01/2019 11:54:49**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### Exposición de motivos

Na actualidade, as persoas trans en Galicia teñen que soportar un longo periplo por distintas institucións para, no mellor dos casos, ver recoñecida a súa identidade.

No ámbito sanitario, os colectivos denunciaron en diversas ocasións as trabas para acceder aos tratamentos hormonais. O descoñecemento social sobre a realidade das persoas trans fai que as súas necesidades médicas estean sempre sometidas a un constante cuestionamento e á tutela impropia das democracias do século XXI.

De acordo coas normativas sobre dereitos do paciente, a atención ás persoas trans debe ser de proximidade e non segregadora, pois a transexualidade non é unha patoloxía e non é preciso apartar ás persoas trans a unidades específicas e segregadoras que acrecentan o estigma e a vulnerabilidade.

Tamén o Parlamento europeo vén de emitir as súas resolucións sobre a situación dos dereitos fundamentais na UE onde apuntan a necesidade de que os Estados membros adopten leis e políticas contra a homofobia e a transfobia e lamenta que as persoas transxénero sigan sendo consideradas enfermidades mentais en moitos Estados e pide aos mesmos que revisen as súas clasificacións nacionais dos





trastornos mentais e que desenrolen modelos alternativos de acceso exentos de estigma, garantindo que todas as persoas transxénero poidan acceder ao tratamento médico preciso e pide aos Estados membros que recoñezan o cambio de xénero e faciliten o acceso a procedementos de recoñecemento legal de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

En base ao anteriormente dito, faise preciso crear protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo. Non pode ser que os dereitos das persoas dependan da boa vontade do doutor que lles toque, non pode ser que o acceso a según que tratamentos, como os bloqueadores hormonais en menores, dependan da sorte que teñan de ser dunha provincia ou doutra, é preciso superar o modelo das UTIGs e centrarse nos dereitos das persoas

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.) Impulsar protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo.
- 2.) Que facilite o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambio de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.



Asdo.: Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 30/01/2019 13:14:59**

**Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2019 13:15:07**

**Luis Villares Naveira na data 30/01/2019 13:15:14**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

Na I Declaración Universal dos Dereitos do Animal aprobada pola ONU nos anos 80, dise:

1. Son principios xerais o respecto, protección e defensa dos seres vivos que conviven connosco.
2. Esíxese unha postura activa contra o abuso dos animais.
3. Requírese a tenza responsable, de forma que se asuma o coidado dos animais como a contraprestación humana que se lles debe fronte ao afecto ou utilidade que significa o animal para o seu compañeiro ou posuidor.
4. E débese incentivar a necesaria participación da sociedade no seu conxunto, potenciando ás asociacións de protección e defensa dos animais e a difusión dun espírito que contribúa ao fomento do respecto a estes.

Un país pódese xulgar pola forma na que trata aos seus animais, polo que cómpre que nos esforcemos en coñecer e valorar a utilidade social e sanitaria dos nosos animais de compañía, que requiren unha axeitada atención veterinaria para a protección da súa saúde e a das persoas que con eles conviven. Porque menos visitas ao veterinario comportan máis risco para a saúde dos humanos: “*Higia pecoris, salus populi*”, reza o lema de Veterinaria. A propia Oficina Internacional de Epizootías advirte reiteradamente de que as temidas enfermidades emerxentes e reemerxentes son maioritariamente de orixe animal e case todas elas zoonóticas ou compartidas.

En Galicia temos unha Lei de protección e benestar dos animais de compañía, Lei 4/2017, que entrou en vigor o día 4 de xaneiro deste ano 2018, e que na súa disposición final primeira habilita ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións de desenvolvemento da lei no prazo máximo de 12 meses dende a súa entrada en vigor. Estamos case xa a menos dun mes para que transcorran eses





12 meses e nada sabemos do Regulamento de desenvolvemento, o que significa que non hai control nin regulación específica para algunhas cuestións relativas aos centros e clínicas veterinarias, consideradas pola lei núcleos zoolóxicos. Por exemplo, porque a lei se remite, no seu artigo 15, á vía regulamentaria para determinar os métodos autorizados para a eutanasia animal; porque non recolle a esterilización baixo criterios veterinarios ou porque non se especifica nada sobre a vacinación contra unha das enfermidades animais máis contaxiosas e perigosas, a rabia. Cómpre o desenvolvemento da lei.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver regulamentariamente canto antes a Lei de protección e benestar dos animais de compañía, Lei 4/2017, do 3 de outubro, e abrir ao efecto, antes de que remate o ano 2018, un procedemento aberto e participativo de cara a ese desenvolvemento.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2019 09:49:26**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2019 09:49:33**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2019 09:49:38**

**María Luisa Pierres López na data 30/01/2019 09:49:45**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2019 09:49:50**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

A anterior equipa de Goberno socialista (2007-2015) do Concello de Ourense, xa puxera a dispor da Xunta de Galicia e cedera unha parcela de titularidade municipal no barrio do Vinteún para a nova infraestrutura sanitaria, e fixera ademais un esforzo adicional para a súa explanación e urbanización de xeito previo. Ademais facilitou tamén á Administración autonómica no ano 2010, seis posibles situacións para a construción do novo centro de saúde en Mariñamansa, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio do trámites por parte do Concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do novo centro de saúde para o barrio do Couto, posto en marcha hai pouco máis dun ano, e que se licitou no ano 2012.



O pasado 25 de xaneiro coñeciamos o anuncio da aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia da construción do novo centro de saúde do Vinteún, dentro dun paquete de 25 centros de saúde que a propia Xunta de Galicia promete construír e reformar en toda Galicia. Oito anos despois sen dar luz verde dende o Goberno galego a esta dotación sanitaria fundamental para Ourense, e a escasos meses da celebración das eleccións municipais, este anuncio do goberno de Feijoo semella soamente publicidade e propaganda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Fixe de inmediato un calendario para o inicio, execución, e remate das obras dos novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa, así como asignar as partidas orzamentarias correspondentes para poder ser levados a cabo durante a X lexislatura.
2. Poña en marcha os mecanismos precisos para instar ao Goberno Municipal a que se comprometa á axilización e formalización de toda a tramitación urbanística precisa para a posta a disposición e cesión definitiva de terreos, xestión de licenzas, modificacións precisas, etc. para acadar que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados durante a X lexislatura.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2019 16:03:16**

**Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2019 16:03:22**

**Julio Torrado Quintela na data 30/01/2019 16:03:26**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2019 16:03:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para a transferencia ao noso país das competencias para a xestión das bolsas de axuda ao estudo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o Parlamento ten aprobado –a instancias da iniciativa presentada polo Grupo parlamentar do BNG-- un acordo unánime referido ás demandas que debe realizar a Xunta de Galiza ao Goberno español co obxectivo de ampliar o marco competencial do noso país.

De maneira literal, o acordo di o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas."





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No ámbito educativo o noso país non conta, até o de agora, coa competencia xestora das bolsas de axuda ao estudo que está a ser exercida polo Ministerio de Educación. Non acontece así en Catalunya a cuxo Govern lle foi transferida.

Cómpre lembrar que o artigo 31 do Estatuto de Galiza (1981) dispón que “é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía”

Galiza non só é competente e ten capacidade plena para xestionar calquera cuestión que afecte ás nosas vidas, neste caso, as bolsas de axuda ao estudo en todos os niveis, graos, modalidades e especialidades educativas, senón que a transferencia permitiría mellorar este investimento e garantir que se axusten á realidade e situación concreta da nosa poboación e noso territorio.

Así pois, de acordo co acontecido xa en Catalunya, a Xunta de Galiza debe reclamar esta competencia xunto cos recursos económicos necesarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reclamar ao Goberno do Estado a transferencia das competencias correspondentes á xestión das bolsas de axuda ao estudo así como os recursos económicos correspondentes a elas.”

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2019 16:50:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2019 16:50:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2019 16:50:14**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2019 16:50:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2019 16:50:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2019 16:50:18**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a recuperación, por parte da Consellería de Medio Rural, do servizo de recollida de plásticos agrícolas que se encargaba da xestión dos plásticos procedentes de silos, invernadoiros e hortas.

### Exposición de motivos

A cantidade de plástico agrícola (plástico e bolsas de silo, plástico de invernadoiro) que se xera en Galiza ao longo dun ano é de aproximadamente 7.700 toneladas.

A práctica habitual do vertido ou da incineración de xeito incontrolado supón un problema medioambiental, que orixina un deterioro progresivo e acumulativo do contorno, tendo ademais en conta o impacto paisaxístico derivado da proliferación de puntos de abandono destes materiais.

Ante esta problemática, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas puxo en marcha o Programa de Recollida de Plástico Agrícola co obxecto de implantar un sistema de recollida dos plásticos agrícolas, tanto de silo coma de invernadoiro, e facilitarlle aos agricultores e gandeiros a súa xestión axeitada.

Os agricultores e gandeiros deixaban os seus plásticos agrícolas no lugar indicado por cada concello. Unha vez que o punto de acopio estaba cheo, o





concello chamaba a empresa de recollida (subvencionada pola Consellería de Medio Rural), e esta procedía a retiralos e á súa posterior reciclaxe.

Este sistema, que evitaba que os plásticos agrícolas acabasen ciscados por leiras ou montes ou queimados de forma incontrolada, non funciona a día de hoxe, o que vemos como unha grave irresponsabilidade da Xunta por cancelar este servizo, o que está xerando un grave problema medioambiental, social e paisaxístico.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Recuperar o servizo de recollida de plásticos agrícolas, que se encargaba da xestión dos plásticos procedentes de silos, invernadoiros e hortas.
2. Facer unha campaña de concienciación entre gandeiros e gandeiras e agricultores e agricultoras para aumentar o volume de plástico que se está a recoller e para a súa axeitada xestión.
3. Estudar a posibilidade que sexa unha empresa pública a que faga a xestión desta recollida de plásticos.

Santiago de Compostela a 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Antón Sánchez García

Deputadas e vicevoceiro do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 30/01/2019 17:01:55**

**Paula Vázquez Verao na data 30/01/2019 17:02:05**

**Antón Sánchez García na data 30/01/2019 17:02:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as accións que debe desenvolver a Xunta de Galiza para catalogar e inventariar o patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galiza así como para o difundir e pór en valor.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegidade establece as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galiza para velar pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como para o mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas na emigración. Para tal fin fixa unha serie de accións que debe levar a cabo o Goberno galego, entre elas, a catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.

Así o lembrou no seu *Informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Galego de Buenos Aires* o Consello da Cultura Galega:

*De conformidade co previsto neste artigo [artigo 27], a Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas*



*fóra de Galicia, desenvolverá, entre outras, as seguintes actuacións en defensa e protección do patrimonio cultural galego no exterior:*

*1. A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas. Para iso, nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.*

*2. Así mesmo a Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante, entre outras, as seguintes accións: 1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos. 2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias. 3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.*

De igual maneira artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural, sinala que “a Xunta de Galiza promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galiza que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a catalogar e inventariar o patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos, así como a crear unha plataforma virtual que permita difundir e pór en valor o patrimonio material e inmaterial da emigración galega.”

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2019 17:48:47**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2019 17:48:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2019 17:48:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2019 17:48:55**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2019 17:48:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2019 17:48:57**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O distrito sanitario de Monforte de Lemos conta coas seguintes dotacións do 061: unha ambulancia de soporte vital básico en Monforte, que atende os concellos de Lemos, unha con base en Chantada, para a área de Saviñao, Chantada e Carballedo, e outra con base en Quiroga, que leva Quiroga, Ribas de Sil e O Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo.

Ata 2015, a base de Chantada contaba cunha ambulancia suplementaria en caso de urxencias simultáneas.

En total, hai 20 persoas traballando nas tres bases do 061.

Cómpre engadir que dende o último contrato de concesión deste servizo, hai problemas.

No sur, pasouse dunha xestión por parte de empresas locais das bases de Chantada e Quiroga, á adxudicación do servizo en bloque para todo o sur de Lugo, conseguido por Salutrans, sendo exemplo do modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias.

Dende o inicio do último contrato xa se evidenciou que se presentaran ofertas á baixa e reportáronse incumprimentos e rebaixa da calidade do servizo, con





recortes de condicións laborais do persoal; asemade, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio desta investigación a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de peso ou a falta de rodas de reposto. Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitar á Fundación do 061 a resolución do contrato.

As ambulancias para traslados por parte do Hospital de Monforte son tres básicas en días laborables e unha UVI móbil, quedando en unha básica e unha UVI móbil na fin de semana.

Recentemente, un novo incidente sanitario na cidade do Cabe amosou a insuficiente dotación de ambulancias do 061. O 24 de xaneiro, a mediodía, unha persoa que circulaba nun vehículo sufriu convulsións na rúa de Chantada, á altura do cruce coa rúa de Ourense, sendo asistido por persoas na rúa – entre as cales se atopaba persoal sanitario fóra de servizo – que avisaron ao 061. Ao non estar nese momento operativa a ambulancia da base de Monforte, que se dirixía a Ourense cun servizo, e dado que a da base de Chantada estaba de volta de outro dende o HULA, o centro de coordinación enviou unha ambulancia de Ourense, que se atopaba próxima a Monforte. Testemuñas do suceso refiren que tardou media hora. En declaracións á prensa, o SERGAS sinalou que o tempo de atención fora menor, en torno aos quince minutos.

Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida.





Neste momento, o persoal telefónico do 061 ten un calendario de folga e durante 2018 mobilizouse o persoal condutor de ambulancias.

É unha reivindicación esencial dos e das técnicas do 061 do distrito sanitario de Monforte a necesidade dunha nova ambulancia asistencial para Monforte, de xeito que en cada quenda haxa catro ambulancias operativas.

Por outra parte, o distrito sanitario de Monforte non conta con ambulancia medicalizada.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar con urxencia a Monforte cunha ambulancia asistencial do 061.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Eva Solla Fernández  
Luís Villares Naveira  
Deputadas, deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**





**Paula Vázquez Verao na data 30/01/2019 18:08:45**

**Eva Solla Fernández na data 30/01/2019 18:08:53**

**Luis Villares Naveira na data 30/01/2019 18:09:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos

O Imposto sobre Transaccións Financeiras é un tributo que ten como obxectivo gravar as compraventas de produtos financeiros.

Non é un imposto aos bancos senón as súas operacións financeiras. Tampouco resulta ser un imposto destinado a gravar os investimentos financeiros, xa que este non grava o patrimonio de activos financeiros. Tampouco é un imposto que teña por obxectivo os beneficios xa que non gravaría as rendas do capital financeiro. Resulta ser pois un imposto indirecto que pretende facer menos atractiva a especulación con produtos financeiros ao facer pagar un tributo, unha porcentaxe do volume da transacción.

A aplicación do Imposto sobre Transaccións Financeiras, coñecido máis popularmente como a *tasa Tobin*, resulta pois de grande importancia na actualidade principalmente por dous motivos. O primeiro delas é que actualmente vivimos a denominada financiarización da economía. Isto é, unha economía condicionada polos intereses do sector financeiro e onde os mercados financeiros son a principal vía de obtención de beneficio, promovendo importantes consecuencias negativas sobre a dinámica da maioría dos sectores produtivos. Desta forma, un Imposto sobre Transaccións financeiras, axudaría a conter o





proceso de financiarización e a reducir os efectos negativos que ten esta sobre a dinámica da economía.

Por outra banda, a *tasa Tobin* tamén resulta importante no momento actual debido á insuficiencia de recursos públicos. No conxunto de España existe unha considerable falta de recursos económicos para o mantemento e desenvolvemento do noso estado do benestar. Así, se o que queremos é fortalecer os servizos públicos actuais, recuperar todo o que foi destruído durante o período de profunda crise e recortes e avanzar na dirección de converxer cos servizos públicos que proporcionan os países máis avanzados da Unión Europea, precisamos máis ingresos impositivos. A taxa Tobin, axudaríanos pois a incrementar o noso nivel de recursos e con eles o noso estado do benestar, fundamental dentro do proceso de desigualdade social que vivimos.

Ante o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que manfeste o seu apoio á aplicación do Imposto sobre Transaccións Financeiras por parte do Goberno Central.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2019 18:13:40**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 30/01/2019 18:13:50**

**Luis Villares Naveira na data 30/01/2019 18:14:00**



## Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

### Exposición de motivos

O último “Barómetro de hábitos de lectura y compra de libros 2018”, elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España, reflicte unha realidade preocupante nos hábitos de lectura dos galegos e galegas.

O Barómetro segue demostrando que Galicia está por debaixo da media estatal en todas as realidades medibles en torno ao libro. Así non chega a media estatal no porcentaxe de lectores de libros en tempo libre (61,8 % media estatal 59,6 % en Galicia), situándose entre as últimas comunidades autónomas, de feito Galicia está a mais de 10 puntos da comunidade con maior índice de lectores. O meso sucede no porcentaxe de persoas que compararon libros no último ano, onde tamén estamos por debaixo da media española (50 % fronte a 48,5 %)

Hai outros datos moi preocupantes como é a valoración das bibliotecas xa que Galicia se sitúa no penúltimo lugar de todas as autonomías, resultado da política de recortes orzamentarios e a inexistencia de accións positivas realizados por este Goberno en torno as bibliotecas.

Pero hai outro dato francamente preocupante neste barómetro. Tan só o 4 % dos enquisados en Galicia manifestan que o seu idioma preferido de lectura é o galego, fronte ao catalán nun 34,9 % e incluso un 5,4 % % en euskera. e se medimos o uso do nosos idioma entre todos os enquisados, o galego é lido polo 3,5 % e por riba esta taxa vai diminuindo porque en 2010 este dato era do 4,4 %. De novo atopámonos ca realidade do descenso do uso do galego tanto falado como escrito e tamén lido.

A Asociación Galega de Editoras xa manifestou a súa preocupación polos datos do Barómetro de 2018 e pediu políticas efectivas que podan cambiar esta situación.





Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir a Lei 17/2006, de 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia e elaborar, en colaboración con todos os axentes do libro, un plan de fomento do libro e a lectura, con especial incidencia no impulso do galego como idioma de lectura. Este Plan terá dotación orzamentaria suficiente e un cronograma de actuacións e presentarse antes da súa aprobación na Comisión de Educación e Cultura e posteriormente darase conta anualmente dos resultados acaídos.”

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 30/01/2019 19:02:43**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2019 19:02:59**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2019 19:03:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena, Paula Quinteiro Araujo, Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

Tralo accidente acontecido no mes de decembro de 2018 no porto de Malpica, que se cobrou a vida dun mariñeiro, o conxunto do sector do mar de Malpica, a través da súa confraría, trasladou ás distintas organizacións políticas a necesidade de abordar medidas de carácter urxente, e a medio prazo, que impidan que poidan repetirse este tipo de accidentes no futuro.

A situación actual condiciona a actividade normal das embarcacións que utilizan este porto pola operatividade das comportas. Condicións de operatividade que obrigan a pactar horarios de uso, limitan a operatividade das embarcacións e impiden operaran a aquelas que superen o 8,90 m de manga. É tanto así que as distintas embarcacións reparten os momentos de operatividade no porto unha vez coñecidos os horarios de marea. As embarcacións operan en grupos de actividade e vense obrigadas a esperar que unha embarcación remate completamente a manobra para proceder seguidamente, o que trastorna o ritmo de traballo diario do conxunto da frota.

Pero si este punto é importante máis o son as eivas en materia de seguridade, que con toda garantía, están detrás do lamentable sinistro de decembro. Logo das última obras realizadas no porto e na dársena, incrementáronse de forma moi considerable as correntes dentro da dársena tanto pola insuficiente protección que



ofrece o espigón, como polas contracorrentes provocadas polos muros que permiten o rebote destas contra o final da dársena. Correntes que dificultan tanto as manobras de entrada como de saída do porto.

Estas necesidades son coñecidas dende fai tempo, pero nada se fixo por parte da administración, e hoxe temos a obriga moral de evitar que se repitan as situacións e realizar todo aquilo que sexa posible para mellorar a seguridade do porto de Malpica e contribuír ademais a facilitar o traballo dos profesionais do mar que operan neste porto.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte proposta para o seu debate en **Comisión**.

O Parlamento Galego acorda demandar da Xunta de Galicia :

**Primeiro.-** Acometer de forma urxente as medidas reclamadas pola confraría de Malpica para o seu porto. De tal forma que se elimine o desnivel ou escalón existente baixo a comporta da dársena, se proceda a dragar a dársena, se mellore a iluminación da comporta e se regulen os fondeadoiros das embarcacións da sétima lista.

**Segundo.-** Se proceda a medio prazo, a elaborar e executar, o proxecto que permita mellorar a seguridade mediante o alargamento do espigón e dique de abrigo do porto, tal como recomendan os técnicos.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena  
Paula Quinteiro Araujo  
Carmen Santos Queiruga  
Luís Villares Naveira



Deputadas, deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 30/01/2019 19:20:56**

**Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2019 19:21:04**

**Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2019 19:21:15**

**Luis Villares Naveira na data 30/01/2019 19:21:23**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñado, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

### Exposición de Motivos:

Cada vez estamos máis preto da data para que o Reino Unido abandone a UE, fixada para o 29 de marzo de 2019, momento en que vence o prazo fixado para esta desconexión e recollido no artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Sabemos que despois de varios meses de intensas negociacións, acadouse un principio de acordo no que conseguimos que a pesca non fose utilizada como moeda de cambio. Pois ben, esta proposta foi tombada polo Parlamento Británico o pasado 15 de xaneiro, obtendo un total de 432 votos en contra fronte a 202 a favor.

Ante esta situación, e de non mudar o transcurso dos acontecementos, podería producirse un Brexit duro, de xeito que conlevaría ter que aplicar o Dereito Internacional e a negociar de novo todo o relativo á pesca.

Cunha saída do Reino Unido sen acordo, veríase gravemente afectado aspectos como as nosas posibilidades de pesca, o control veterinario, a homologación de titulacións, o control de fronteiras ou o etiquetado de peixe.

Todos estes aspectos foron tratados nun foro de debate organizado polas Novas Xeracións do Partido Popular de Lugo, onde se puxo en común todos os puntos de vista sobre este eido, tanto dende o sector como da administración e a propia Universidade,

Sabemos que a Consellería do Mar tampouco quedou de mans cruzadas neste asunto, e dende o primeiro momento encargou numerosos estudos ás universidades galegas para a obtención de argumentos co obxectivo de que a pesca non sexa utilizada como moeda de cambio nas negociacións, sendo así a primeira rexión europea en trazar unha folla de ruta neste eido.



En definitiva, ante a nova situación xerada e a posibilidade de afrontar un brexit sen acordo, deberemos de estar preparados para acometer cambios que permitan atender as necesidades derivadas da aplicación das normas e da operativa diaria do noso sector pesqueiro.

Por este motivo, este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central o establecemento e implementación coordinada e colaborativa de plans de continxencia ante a nova situación xerada coa posibilidade de que teña lugar un Brexit duro”.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 30/01/2019 19:29:34**

**Teresa Egerique Mosquera na data 30/01/2019 19:29:52**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 30/01/2019 19:30:01**

**Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2019 19:30:07**

**Martín Fernández Prado na data 30/01/2019 19:30:21**

**Jaime Castiñeira Broz na data 30/01/2019 19:30:59**

**Marta Rodriguez Arias na data 30/01/2019 19:31:13**

**María Soraya Salorio Porral na data 30/01/2019 19:32:09**

**Daniel Vega Pérez na data 30/01/2019 19:32:22**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro, Rosa Oubiña Solla, María Antón Vilasánchez, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### Exposición de motivos

Tal é a importancia que a innovación está tendo en todos os eidos da nosa sociedade que foi incorporada como unha nova política pública, ao mesmo nivel que a social ou a ambiental nas novas Directivas Europeas.

A innovación, entendida como a fórmula para atopar novas e mellores maneiras de facer as cousas, ben a través de desenvolver novos produtos, servizo, procesos de produción ou construción, así como, modernos métodos de comercialización, ou novas formas de organización.

A Xunta leva anos impulsando a innovación tecnolóxica dos sectores primarios de Galicia con diferentes iniciativas. Deste xeito, coa colaboración da AMTEGA, a Consellería do Medio Rural está a desenvolver varios proxectos de Compra Pública Innovadora coa creación de plataformas tecnolóxicas, que ofrecerán diferentes solucións e servizos dixitais para mellorar a competitividade do ámbito agrícola, gandeiro ou mesmo na extinción dos incendios forestais.

Por outra banda, a comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións titulada “O futuro dos alimentos e da agricultura”, do 29 de novembro de 2017, establece os retos, obxectivos e orientacións da futura política agrícola común (PAC) despois de 2020. Estes obxectivos inclúen a necesidade de que se impulse a modernización e a sustentabilidade, incluída a sustentabilidade económica, social, ambiental e climática das zonas agrícolas, silvícolas e rurais.

Do mesmo xeito, establece que os investimentos na reestruturación, a modernización, a innovación, a diversificación e a incorporación de novas tecnoloxías nas explotacións son necesarias para que o mercado poida recompensar máis adecuadamente aos agricultores.

Polo tanto, para acadar estes obxectivos resulta indispensable que as administracións poidan colaborar e poñer en marcha axudas para investimentos, tanto produtivos como





non produtivos nas mesmas explotacións, e fóra delas. Ditos investimentos poden referirse, entre outras cousas, a infraestruturas relacionadas co desenvolvemento, a modernización ou a adaptación ao cambio climático da agricultura e a silvicultura, incluído o acceso a terras agrícolas e forestais, concentración e mellora parcelaria, prácticas agroforestais e subministración e aforro de enerxía e auga.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar fomentando a modernización das explotacións coa introdución de novas solucións tecnolóxicas, a través do fomento e posta en común do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas agrícolas, gandeiras e do rural de Galicia”.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 31/01/2019 09:36:12**

**Moisés Blanco Paradelo na data 31/01/2019 09:36:21**

**Raquel Arias Rodríguez na data 31/01/2019 09:36:30**

**Carlos Gómez Salgado na data 31/01/2019 09:36:37**

**Daniel Vega Pérez na data 31/01/2019 09:36:45**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 31/01/2019 09:37:03**

**Jacobo Moreira Ferro na data 31/01/2019 09:37:13**

**Rosa Oubiña Solla na data 31/01/2019 09:37:22**

**Maria Antón Vilasánchez na data 31/01/2019 09:37:29**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**Moisés Rodríguez Pérez na data 31/01/2019 09:37:36**

**Marta Novoa Iglesias na data 31/01/2019 09:37:47**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/01/2019 09:37:58**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 31/01/2019 09:38:04**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 31/01/2019 09:38:13**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñado, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de Motivos:

A finais do ano pasado tomaba forma o Real Decreto-ley 28/2018, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, sendo convalidado polo Congreso no mes de xaneiro.

A realidade é que, tal como teñen denunciado os nosos compañeiros no Congreso dos Deputados, este real decreto sube as cotizacións aos traballadores do mar, dobrándoas na meirande parte dos casos, supoñendo esta modificación un aumento importante do coste da Seguridade Social para as empresas pesqueiras, con especial incidencia nas empresas do Grupo II de cotización ao Réxime Especial do Mar.

Aínda que se exclúen as cotizacións para as embarcacións inferiores a 10 toneladas, se se acode á remisión ao proxecto de presupostos e non se recolle a exclusión que plantexan neste Real Decreto-Ley, co cal aos pescadores artesanais, ás mariscadoras e aos percebeiros lles dobran este tipo de cotización.

Hai que ter en conta tamén que isto aumentaría o custe das cotizacións dos barcos nuns 50 euros/mes por tripulante. Para un barco de cerco ou de arrastre, con 10 persoas a bordo, supón uns 500 euros máis ao mes e uns 6.000 ao ano, cuestión que haberá que deducir dos salarios toda vez que na meirande parte dos barcos andan “a quiñón” ou “á parte” e verán restrinxido o montante do que se reparte.

Ademáis, e vistas as modificacións realizadas, ningún colectivo obtén melloras substanciais nesta reforma que xustifiquen ou compensen esta suba nos pagos á Seguridade Social.

Por todo o dito, este grupo parlamentario presenta a seguinte proposición para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para que teña en conta os efectos perniciosos que esta suba terá sobre o persoal inscrito no



Réxime Especial do Mar e a que corrixa esta modificación legal deixando sen efecto esta suba dos abonos á Seguridade Social ou ben a que outorgue novos dereitos e beneficios aos inscritos que compensen ese incremento”.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 31/01/2019 11:02:42**

**Teresa Egerique Mosquera na data 31/01/2019 11:03:01**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 31/01/2019 11:03:12**

**Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2019 11:03:21**

**Martín Fernández Prado na data 31/01/2019 11:03:35**

**Jaime Castiñeira Broz na data 31/01/2019 11:03:48**

**Marta Rodriguez Arias na data 31/01/2019 11:03:59**

**María Soraya Salorio Porral na data 31/01/2019 11:04:14**

**Daniel Vega Pérez na data 31/01/2019 11:04:23**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás actuacións a realizar diante das graves irregularidades na convocatoria na praza de xefe/a de Servizo de Cirurxía Cardiovascular da EOXI de Santiago.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 5 de outubro do 2018 publicaba o anuncio do 20 de setembro polo que a Xerencia da EOXI de Santiago de Compostela convocaba, mediante o procedemento de avaliación colexiada, a provisión do posto de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular.

O anuncio establece que as bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, nos puntos de atención ao traballador(PAT) da Dirección de Recursos Humanos, na intranet da Xerencia, así como na páxina web do Sergas.

Estas bases establecen que dentro da documentación que deben achegar coa solicitude as persoas que queiran presentarse á convocatoria está o *Proxecto técnico relacionado coa xestión do servizo, que conterá un programa de obxectivos do mesmo, cuantitativos e cualitativos en relación cos obxectivos fixados polo órgano convocante, e que se recollen como Anexo I da presente resolución.*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ao ir a consultar o Anexo I a sorpresa é maiúscula ao atoparse na vez de con os requisitos, obxectivos, perspectiva... que deba conter o Proxecto técnico, o que contén o Anexo I é directamente un proxecto escrito en moitos apartados en primeira persoa, co nome dun profesional e os seus méritos, profesional, que logo se presenta á praza.

Estas bases están colgadas durante días, até que se descubre tamaño escándalo, momento no que fan unha “subsanción de erros” sen publicar no DOG, finalmente fan unha corrección, que se publica no DOG do 22 de outubro, que en realidade é unha substitución total do anexo I.

Encontrámonos polo tanto con que o que tiñan que ser unhas bases para elaborar un proxecto para competir libremente por unha praza de xefe/a de servizo: Están escritas en primeira persoa, aparece o nome dun profesional que se presenta á praza, realízase unha primeira corrección de erros sen publicar no DOG, realízase unha segunda corrección de erros, esta xa si publicada do DOG, na que só consta a versión corrixida, non se mantén a versión orixinal, consistente na substitución total do Anexo I

O BNG denuncia este escándalo, e demanda explicacións ao Goberno galego. Non podemos aceptar que o PP normalice este xeito mafioso de nomeamentos, non pode actuar na administración pública como si fora a súa leira particular.

Débense asumir responsabilidades, a Xerente da EOXI de Santiago de Compostela como persoa responsábel desta convocatoria que publica as bases para unha praza na que aparece o nome e méritos dunha das persoas que logo se presenta á praza, e fai unha subsanción de erros tentando non deixar rastro, ten que dimitir.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Explicar no Parlamento todo o proceso de convocatoria, incluído o contido do primeiro Anexo I e os procedementos de “corrección de erros”, da praza de Xefe/a de Servizo de Cirurxía Cardiovascular da EOXI de Santiago de Compostela.
- Cesar á Xerente da EOXI de Santiago de Compostela, Eloína Núñez Masid, como responsábel desta convocatoria fraudulenta.
- Rematar coa práctica de facer nomeamentos a dedo de cargos de responsabilidade disfrazados de seudo convocatorias públicas.”

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 13:32:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 13:32:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 13:32:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 13:32:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 13:32:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 13:32:51**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

Nicaragua está a vivir unha profunda crise socio política, con repercusións importantes sobre os dereitos humanos da súa poboación.

Esta situación desencadéase a partir da resposta governamental ás protestas sociais do pasado 18 de abril. Gran parte da sociedade civil organizada e da cidadanía, opoñíanse a aprobación dunha reforma da Lei de Seguridade Social. O Goberno optou por acalar as protestas con estratexias de represión xeneralizada e violenta contra a poboación, especialmente contra o estudantado, mocidade e xornalistas.

Desde ese momento e ata o pasado 20 de outubro, a Asociación Nicaraguana pro Dereitos Humanos, ten contabilizadas 528 mortes, 4.102 persoas feridas de diversa gravidade e 1.609 persoas “secuestradas por grupos armados, non autorizados pola lei para executar ordes de captura”. Mais a crise está a afectar en moitos niveis: ten aumentado exponencialmente o número de persoas que solicitan asilo, en novembro calculábase a perda de 417.000 postos de traballo por mor da crise, moitos en sectores fundamentais para o benestar do país (a Asociación Médica Nicaraguana denunciou o despedido ilegal e arbitrario de 135 médicos e médicas).

A sociedade civil organizada, tamén está a ser unha das principais vítimas desta situación. O Parlamento nicaraguano aprobou en xullo unha reforma á Lei de prevención contra o lavado de activos, na cal se modificaron os delitos de terrorismo e financiamento terrorista. Medidas que tiñan como obxectivo controlar as organizacións sen fins de lucro (ONG, asociacións, fundacións, etc...) que están a reclamar o fin da represión e o respecto dos dereitos humanos.





Por mor destes cambios legislativos ata o momento téñense ilegalizado dez organizacións que traballan na defensa dos dereitos humanos, a gobernabilidade e a democracia, na maioría dos casos ONG como: Fundación del Río, Fundación Popol Na e o Instituto de Liderazgo de Las Segovias (ILS), está última, organización socia das ONGD galegas Sólida, Solidaridade Galega e Solidaridade Internacional de Galicia. Tamén foron ilegalizados o Centro de Información y Servicios de Asesoría en Salud (CISAS), o Centro de Investigación de la Comunicación (CINCO), o Centro Nicaragüense de Derechos Humanos (CENIDH), o Instituto de Estudios Estratégicos y Políticas Públicas (IEEPP), a asociación Hagamos Democracia, o Movimiento por Nicaragua e o Instituto para el Desarrollo de la Democracia (IPADE).

Ata o momento varios parlamentos de Europa teñen aprobado resolucións específicas de condena a esta situación. Mesmo o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución sobre Nicaragua (2018/2711(RSP)) na que condena “a brutal represión e intimidación dos manifestantes pacíficos en Nicaragua, que se opoñen á reforma da seguridade social, o que se saldou con numerosas mortes, desaparicións e detencións arbitrarias perpetradas polas autoridades nicaraguanas, as forzas armadas, a policía e grupos violentos que apoian ao Goberno” e insta as autoridades nicaraguanas “a restablecer a orde democrática no país”.

No ámbito galego, o 19 de xullo de 2018 o Pleno do Concello de Santiago de Compostela aprobou unha moción para condenar a violencia e defender os dereitos humanos en Nicaragua na que se solicita “o cese da violencia e a represión”. O 10 de decembro, Día dos Dereitos Humanos, o Pleno do Concello da Coruña aprobou unha moción de condena á represión que está a exercer o goberno de Nicaragua contra a súa poboación e, en especial, contra as persoas defensoras de dereitos humanos.

Tendo en conta estes feitos, e considerando que Galicia mantén historicamente vínculos políticos e de solidariedade internacional con Nicaragua, un dos países prioritarios para a cooperación galega, o Parlamento de Galicia non pode ser alleo á situación que vive o país centroamericano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento de Galicia, solidario con todas as vítimas e as súas familias, condena a violencia e a represión exercida sobre a cidadanía e expresa a súa profunda preocupación ante a vulneración dos dereitos humanos en Nicaragua,



principalmente o dereito á vida e á libre expresión, nos seguintes termos, en base as recomendacións feitas ao Goberno de Nicaragua pola Comisión Interamericana de Dereitos Humanos e o Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, entre os cales se atopan:

- O cesamento inmediato da violencia contra a poboación civil.
- O fin da fustigación, a intimidación, a criminalización e calquera outro tipo de represalia contra as persoas que exercen o seu dereito de protesta.
- Garantir á poboación nicaraguana o dereito de manifestación, liberdade de expresión, liberdade de prensa e garantías de reunión pacífica e participación política no país.
- Asegurar que se leven a cabo investigacións independentes, imparciais, efectivas, exhaustivas e transparentes en relación coas denuncias de violacións aos dereitos humanos e abusos que ocorreron desde o 18 de abril de 2018.
- Renovar o Diálogo Nacional de maneira inclusiva para alcanzar acordos baseados na democratización do país.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España a:

1. Seguir apoiando o labor das organizacións sociais e de dereitos humanos en Nicaragua para que se poida garantir a vida, integridade e seguridade de todas as persoas que se están manifestando e exercendo os seus dereitos e liberdades públicas e sufrindo as consecuencias do ambiente de represión, en especial aos e as estudantes, nenas, nenos e adolescentes. Calquera grupo parapolicial debe ser desmantelado débense adoptar medidas para impedir que sigan operando grupos de terceiros armados que ataquen e hostiguen á poboación civil.
2. Seguir esixindo o cesamento inmediato da represión aos e ás manifestantes e a detención arbitraria de quen participa das protestas e que se respecte e garanta o goce pleno do dereito á protesta, á liberdade de expresión, á reunión pacífica e á participación política da poboación.
3. Seguir reclamando ao Goberno nicaraguano a investigación e rendición de contas de todas as autoridades xudiciais e políticas responsables de vulneración dos dereitos humanos. Especialmente os ataques a xornalistas, garantindo o respecto á independencia dos medios de comunicación.



4. Seguir promovendo a seguridade e os dereitos das persoas defensoras de dereitos humanos. Os actos de violencia e outros ataques contra as persoas defensoras, non só afectan ás garantías propias de todo ser humano, senón que atentan contra o papel fundamental da sociedade. A especial vulnerabilidade deses grupos esixe a adopción dunha política integral de protección reforzada por parte do Estado.
5. Apoiar as iniciativas de investigación e seguimento da situación en Nicaragua promovidas pola Comisión Interamericana de Dereitos Humanos, para a investigación internacional dos feitos acontecidos desde o 18 de abril e a posible imputación de responsabilidades que poidan descubrirse durante o proceso de investigación.
6. Seguir apoiando un proceso de diálogo nacional efectivo, inclusivo, respectuoso e construtivo.
7. Fortalecer as liñas de cooperación con organizacións sociais en Nicaragua que defenden os dereitos humanos, particularmente os dereitos á liberdade de expresión, das mulleres, mozos adolescentes e nenos, e de campesiños e pobos indíxenas; sectores que tradicionalmente resultan máis vulnerables fronte a situacións de violencia política sexa cal for a súa orixe.
8. Exhortar ao Goberno de Nicaragua a cooperar cos mecanismos das Nacións Unidas e facilitar o acceso aos relatores especiais que soliciten visitar o país.
9. Incidir na importancia de que se garanta o dereito á atención sanitaria de todas persoas feridas nos disturbios, sen distinción, a comunicación inmediata sobre o seu paradiro e estado de saúde aos seus familiares; así como a protexer a integridade física dos e das profesionais da saúde e o súa deber de proporcionar atención sanitaria a todas as persoas feridas e lesionadas, tamén en os centros sanitarios públicos, sen que iso implique ningún tipo de presión, acoso, discriminación ou represalia cara a devanditos profesionais.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2019





**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 31/01/2019 13:57:56**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2019 13:58:03**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2019 13:58:10**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2019 13:58:16**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2019 13:58:18**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

### Exposición de motivos

O presidente da Xunta de Galicia, vén de reunirse cos presidentes de Castela León e Asturias co obxectivo de denunciar a marxinalidade que sofre o noroeste peninsular con respecto ao Eixo Mediterráneo e a Madrid en materia ferroviaria. En concreto veñen de reclamar máis de 3.000 millóns de euros para a conexión do noroeste peninsular co Eixo Atlántico.

Resulta fundamental destacar que o Ministerio de Fomento non incluíu o Corredor Atlántico ata xaneiro de 2018 entre as prioridades estratéxicas ferroviarias e, ademais, cómpre destacar que esta inclusión non se realizou por iniciativa propia do Ministerio, senón que foi forzada pola presión que exerceron dende Galicia os sectores económicos e sociais, con posicionamentos que impulsou o Grupo Parlamentario de En Marea.

Unha das infraestruturas clave do noroeste peninsular e que afecta concretamente a Galicia é a saída sur de Vigo, a cal é fundamental para mellorar significativamente a conexión entre Vigo e Porto e que supón reforzar unha das áreas económicas máis importantes da Península Ibérica.

O punto clave é que esta infraestrutura pode estar subvencionada ata un 50% por parte da Comisión Europea, incluso sen a necesidade de que dita infraestrutura se





contemple no Corredor Atlántico. Deste feito, dun custo estimado de 200 millóns de euros o Goberno central tería que facer fronte como máximo a un total de 50 millóns que, dividido nun período de catro anos, supón unha cantidade ridícula de investimento para o Ministerio de Fomento.

Mais para o desenvolvemento do trazado cómpre que o Ministerio de Fomento realice o estudo técnico correspondente, polo que máis alá de encontros propagandísticos do Presidente da Xunta de Galicia, cómpre que en tanto que dirixente do Goberno autonómico habilite as canles formais oportunas para a materialización do que ata agora só foi un anuncio mediático.

Transcorrido un tempo prudencial do anuncio propagandístico feito polo Presidente da Xunta con cartos públicos, non se adoptaron decisións por parte do goberno tendentes a empregar as súas competencias para instar ao Goberno do Estado a continuar cos trámites precisos, o que evidencia a falta de vontade política de facer valer a súa posición institucional en defensa dunhas infraestruturas necesarias para o noso país.

Por esta razón, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que solicite de inmediato ao Goberno central a elaboración do informe técnico necesario para o desenvolvemento do trazado da saída sur de Vigo.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asdo: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García





Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 31/01/2019 13:58:46**

**Antón Sánchez García na data 31/01/2019 13:58:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

### Exposición de motivos

A conexión de Galicia co denominado Corredor Atlántico resulta unha peza fundamental para o desenvolvemento económico do territorio. Sen esta conexión Galicia corre o risco de quedarse completamente descolgada das novas infraestruturas ferroviarias europeas, concretamente no transporte ferroviario de mercadorías, o que supón afondar no desequilibrio territorial que se da historicamente entre o Eixo Mediterráneo e o Eixo Atlántico e por ende, na denominada *España baleira*.

Pero o desenvolvemento desta infraestrutura leva implícito o compromiso ineludible por parte da Xunta de Galicia da construción dunha serie de infraestruturas necesarias para a viabilidade da conexión de Galicia co Corredor Atlántico.

Unha desas infraestruturas resulta ser a construción do Porto Seco de Monforte, infraestrutura que ten como obxectivo a de almacenar temporalmente calquera tipo de mercadoría por calquera modo de transporte de superficie non costeiro e que ademais teña a capacidade de efectuar controis aduaneiros que permitan a estas mercadorías continuar o seu tránsito, terminar a viaxe e ser empregadas localmente, ser despachadas para exportación ou ser reexportadas segundo sexa o caso.







Mais tal e como sinalan diferentes Organismos Públicos en Galicia, como o Eixo Atlántico, a creación de dita infraestrutura por parte da Xunta leva anos estancada e obsérvase unha falta clara de compromiso pola finalización da mesma. Deste xeito no ano 2018 realizáronse unhas previsión de gasto de 750 mil euros, mesma cantidade que tamén se destina nos orzamentos do ano 2019, que ademais obedece ao feito de que non foi executada a partida do ano anterior. O feito é que dita cantidade resulta claramente insuficiente para executar a infraestrutura que, ademais, ano tras ano, termina por non ser executada.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Comprometerse coa finalización da construción do Porto Seco de Monforte, executando as partidas comprometidas na súa totalidade no ano 2019, a diferenza do sucedido no ano anterior.
- Completar todas as infraestruturas que, sendo competencia da Xunta de Galicia, permitan a conexión e posta en funcionamento do Porto Seco de Monforte.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 31/01/2019 15:43:08**

**Antón Sánchez García na data 31/01/2019 15:43:20**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Acaban de publicarse os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA). De acordo con estes, no último trimestre do ano 2018, había un total de 15.700 persoas ocupadas na pesca, 12.200 homes e 3.600 mulleres. Como se aprecia nos datos, a redución resulta especialmente preocupante no caso das mulleres, xa que nun período de menos de 10 anos, reduciuse en torno a 2 de cada 5 mulleres.

Resultan ademais especialmente preocupantes as conclusións derivadas da análise por idades, da que se pode apreciar que a maior redución dáse entre a franxa de idade de 25 a 44 anos. Así no ano 2009 había 11.600 persoas ocupadas nese colectivo, e no ano 2018, unicamente quedan 6.300. Supón practicamente a metade.

O programa de orzamentos destinado ao relevo xeracional é o 723 A denominado “Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura”, e tivo unha execución orzamentaria no ano 2017 dun 37 %, quedando, polo tanto, 6 euros de cada 10 sen executar. Este programa comprende partidas que viron reducidas considerablemente as súas dotacións orzamentarias no ano 2019.

NOME	2019	2017
Axuda a persoas mozas pescadoras	400.000 € (- 20 %)	500.000
Formación para menores de 30 anos	150.000 € (- 81 %)	800.000
Investimentos a bordo	100.000 (-93 %)	1.300.000
Saúde e seguridade	326.000 (-64 %)	900.000



A esta redución hai que lle engadir que os orzamentos da partida destinada ás axudas de persoas mozas pescadores, no ano 2018 foron transferidos na súa totalidade do programa 723 A, cara ao programa 723B de “medidas de comercialización”. De acordo co expediente indícase que:

“A modificación solicitada non altera a consecución dos obxectivos previstos nos programas”. É inevitable preguntarse cales son os obxectivos reais da Xunta de Galicia.

En canto ao número de afiliados e afiliadas, no ano 2009 había 24.630 persoas afiliadas, e no ano 2018 quedan unicamente 21.132, un 15 % menos. E se temos en conta os permisos de marisqueo, no ano 2009 había 4.281 dos cales 3.887 eran mulleres. Ao rematar o ano 2017, o número de permisos eran 3.797 e mulleres unicamente quedaban 2.807.

O Goberno galego menciona na súas respostas a importancia dos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro, “para poñer en marcha proxectos que permitan dinamizar as zonas costeiras”, cabe preguntarse polo impacto destes proxectos levados a cabo na cifra de persoas afiliadas ao REMSS, e cantos deses proxectos supuxeron incrementos de afiliacións no sector servizos.

Con estes datos que poñen de novo en evidencia a situación da pesca, e cunhas execucións que non alcanzan nin a metade da cantidade dotada, cantidade que xa vén de sufrir reducións de exercicios anteriores, resulta difícil comprender como pretende o Goberno galego acadar os obxectivos do Plan Estratégico Galego 2015-2020 (PEG) o cal remata coa frase: “Unir con criterio o presente e o futuro”. Temos que lamentar unha vez máis que a resposta non é outra que a de sempre: Un Goberno galego que marca uns obxectivos que non se ven apoiados polos orzamentos, e que ademais nos indicadores que se avalían non se inclúe o relevo xeracional.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo, antes de que remate este período de sesións, un estudo que determine as causas da drástica caída de persoas ocupadas en pesca, e presente as súas conclusións nesta Cámara.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/01/2019 16:56:42  
**Nº Rexistro: 45060**  
Data envío: 31/01/2019 16:56:42.640

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 31/01/2019 16:52:31**

**Patricia Otero Rodríguez na data 31/01/2019 16:52:48**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2019 16:53:01**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG-UhyFcfVto-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na comisión 8ª**, relativa á moción trasladada polas confrarías galegas solicitando a exención da pesca artesana de tacs e cotas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proposta da Federación Provincial de Pontevedra o Comité executivo da Federación Galega de Confrarías aprobou a seguinte moción que nos foi trasladada co obxecto de que fora debatida e aprobada no Parlamento Galego:

“A presente iniciativa ten como principal obxectivo por de relevo a desigualdade de trato e a inxustiza existente no sector pesqueiro por mor do actual sistema de reparto de TACs e cotas (distribución das posibilidades de pesca) para a frota de artes menores.

Até fai pouco, na Unión Europea (UE) definíase a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.

Elo implicaba que todas as embarcacións maiores de 12 metros quedarían fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importantes prexuízos para a esta





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

frota -por exemplo, non poder acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP's) con fondos FEMP-.

A día de hoxe, a UE está a utilizar unha definición multiparamétrica da pesca costeira artesanal, sendo necesario para o recoñecemento desta frota como tal, o cumprimento de alomenos tres dos cinco criterios seguintes: 1) eslora das embarcacións inferior a 12 metros. 2) Distancia do caladoiro, faenar dentro de augas nacionais. 3) Duración máxima das mareas: 24 horas. 4) Utilización de artes de pesca sostíbeis. 5) Máximo de 4 tripulantes enrolados e a bordo.

Até o ano 2013 a normativa estatal na materia (Orden ARM/271/2010, do 10 de febreiro, modificada pola Orden ARM/3315/2010, do 21 de decembro) establecía uns criterios para o reparto e xestión das cotas de diferentes especies por modalidades de pesca e dentro e cada modalidade por tripulante embarcado a bordo e día.

A partir de dita anualidade a a través da Orden AAA/1307/2013, do 1 de xullo, derogada pola Orden AAA/2534/2015, establecéronse plans de xestión para a distribución das posibilidades de pesca e un sistema de reparto distinto ao que historicamente se viña aplicando, vinculado directamente cos datos de consumo de capturas históricas (datos obrantes na SEGEPECA do período 2002-2011), ás que se lle deron prioridade fronte a aspectos socio-económicos das frotas afectadas nas distintas pesqueiras, ou o que é o mesmo, sen terse en conta que Galiza representa o 90% da frota de artes menores do Cantábrico-Noroeste, e a que, en aplicación do criterio por históricos, non acada máis dun 15% de cota nalgunhas especies.

En fin, pasouse dunha pesqueira lineal para todos os buques (cada embarcación dentro das súas capacidades de pesca e almacenamento e sen criterios de reparto por





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comunidade autónoma ou outras divisións territoriais) para se converter nunha fonte de desequilibrio interrexional dentro dun mesmo estado.

Asemade, catro anos despois da entrada en vigor da nova política pesqueira comunitaria (PPC), o sector da pesca artesanal segue sen poder cadrar esixencias, prohibicións e obxectivos. Bruxelas deixouno sen marxe de manobra, combinando cotas escasas e unha impracticábel obriga de desembarco para todas as capturas. Desde o 1 de xaneiro de 2019 coa aplicación da política de “descartes cero”, poderá haber embarcacións que teñan que parar, despedir tripulacións ou mesmo ser despezadas.

A PPC non está pensada nin adaptada á realidade da pesca artesanal e na UE só se escoitan e teñen en conta as demandas dos grandes *lobbies* pesqueiros, sen pórse en marcha medidas específicas para este segmento da frota. Sen dúbida haberá problemas, e podería chegar un momento no que a pesca artesanal quedase desmantelada.

Trátase pois dunha preocupante situación, de todo dramática para as comunidades pesqueiras de Galiza, altamente dependentes dunha actividade que dá emprego directo a máis de 9.000 persoas.

En definitiva, está dabondo demostrado que no intre de repartir as posibilidades de pesca, a frota artesanal sempre sae mal parada e discriminada, aínda tratándose da máis sostíbel, sustentábel e respectuosa co medio mariño e a que garante menores capturas, mais de maior calidade.”

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propias as demandas que realizan desde as confrarías e por esa razón presenta as mesmas como proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

**1. Promover e consensuar as medidas necesarias para materializar a exclusión das capturas accesorias ou accidentais da frota costeira artesanal dos sistema de TACs e cotas, dada a súa multiespecificidade e, polo tanto, o seu escaso impacto no estado dos recursos mariños.**

Dentro da pesca costeira artesanal, compre establecer criterios de diferenciación entre o que significa a pesca accidental e a pesa dirixida. O tratamento das dúas modalidades debería ser de todo independente: a accidental debe estar á marxe dos criterios de TACs e cotas ou de obriga de desembarco, dado que representa as capturas de especies accesorias durante a pesqueira dunha determinada especie, debéndoselle aplicar unha xestión das posibilidades de pesca a través de criterios de reparto que garanten igualdade de condicións entre as unidades de frota participantes.

**2. Requirit un tratamento distinto e diferenciado da xestión das posibilidades de pesca da frota artesanal con respecto ás frotas industrial e/ou semi-industrial.**

As embarcacións de pesca costeira artesanal son de pequeno porte, utilizan artes e aparellos de pesca altamente selectivos, desenvolven a súa actividade pesqueira de forma tradicional, sostíbel, cun baixo volume de capturas de especies moi diversas e de gran calidade.

A pesca costeira artesanal nas súas diferentes modalidades realízase de xeito exclusivo en augas interiores e cunha importante dependencia





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

socioeconómica, tendo en conta a gran cantidade de postos de traballo que xera, tanto directos como indirectos.

Xa que logo, queda suficientemente demostrado que a incidencia da pesca costeira artesanal é socialmente moito máis relevante que a industrial ou semi-industrial e, polo tanto, estímase esencial a súa protección e salvagarda, propoñendo a súa regulación a través de criterios específicos e consecuentes, e en ningún caso mesturados con outras pesqueiras de intereses moi distintos.

### **3. Continuar reclamando que a pesca costeira artesanal quede exenta da obriga de desembarque.**

É indispensable seguir insistindo ante a Unión Europea, que a normativa que regula a obriga de desembarque de capturas para a frota costeira artesanal, quede sen efecto.

É indubidábel que a decisión de “política de descartes cero” tomouse de xeito precipitado no seu da UE, sen facerse os estudos correspondentes e sen ter en conta as pesqueiras multiespecíficas nas que desenvolve a súa actividade a frota pesqueira artesanal galega.

O feito de aplicar o regulamento tal e como está redactado, podería supoñer que non se poida desenvolver a actividade pesqueira, cando se poden acreditar as boas condicións dos caladoiros galegos, debido a forma de traballo sostíbel da pesca costeira artesanal.”

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 17:07:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 17:07:19**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 17:07:20**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 17:07:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 17:07:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 17:07:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o Instituto Galego de Estatística vén de facer público o seu Estudo de salarios. Salarios desde a perspectiva do fogar. Neste apartado analízanse os fogares de Galiza con relación aos ingresos salariais que perciben a partir da información que anualmente proporciona a Enquisa estrutural a fogares. Esta é unha perspectiva fundamental para avaliar se a recuperación do cadro macroeconómico ten unha translación -e se esta é xusta- a todas as capas da sociedade galega ou, pola contra, afonda no modelo desigual que acelerou o período de recesión económica e as políticas aplicadas polo Partido Popular.

Este informa sinala como continúa a fenda interior-franxa atlántica e recolle como “As áreas das provincias da Coruña e Pontevedra son as que teñen unha maior incidencia de fogares nos que hai algunha persoa asalariada” porén “nas provincias de Lugo e Ourense é onde se sitúan as incidencias máis baixas e así, agás as áreas de Lugo central, A Mariña e Ourense, a porcentaxe de fogares con algunha persoa asalariada non acadada o 50% dos fogares.” polo que se pode ver a fenda tamén entre rural e urbán ou semiurbán con exemplos como que “a área de Ourense sur na que só o 35,12% dos fogares teñen algunha persoa asalariada.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Da mesma forma, os datos reflicten as consecuencias do devalo demográfico, da falta de medidas estruturais para frear o despoboamento e impulsar a creación do emprego nas zonas menos industrializadas do país e corrixir a dependencia doutras fontes de ingresos diferentes aos salarios, como por exemplo que “a porcentaxe de fogares nos que os ingresos salariais son máis do 50% sitúase no 46,83% na Coruña e no 46,90% en Pontevedra, mentres que en Lugo e Ourense estes fogares non acadan a ser o 40% do total de fogares provinciais.”

Son estes exemplos do fracaso das políticas do Partido Popular e da necesidade de darlle a volta. É preocupante esta situación tendo en conta que Galiza leva varios anos medrando en termos macroeconómicos como por exemplo canto ao PIB.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a constituír unha mesa de traballo plural na que estean representados os axentes sociais, sindicais e institucións políticas, económicas, industriais e sociais para abordar un Plan Urxente de Recuperación Económica para o interior de Lugo e Ourense no prazo de tres meses.”

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 17:16:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 17:16:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 17:16:47**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 17:16:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 17:16:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 17:16:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á situación económica e social derivada da perda de convenio de referencia na empresa eléctrica Grupo Endesa, especialmente nas Pontes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñeceuse como despois de máis dun ano de negociación sen acordo do que debiera ser o novo Convenio Marco do Grupo Endesa, iniciado 2019 asistimos á perda de convenio de referencia, ao disolver a empresa a mesa de negociación a finais de decembro de 2018. Esta operación, insólita neste grupo, obedece a unha estratexia calculada e premeditada por parte da empresa que busca, aproveitando o marco legal da reforma laboral, lesivo para a clase traballadora, romper as regras de xogo pactadas con milleiros de traballadores e traballadoras, ben en activo, ben en situación de prexubilación ou xubilación.

Cómpre recordar que estamos a falar dunha situación xerada nunha empresa do sector eléctrico, suxeita a unhas regras particulares de funcionamento que condicionan a súa actividade, e que está a reflectir as consecuencias negativas de procesos privatizadores permitidos e impulsados polos sucesivos gobernos centrais, xa que esta era unha empresa pública estatal con anterioridade. Desta forma hoxe, no lugar de





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

reverter os seus beneficios nas arcas públicas e no fortalecemento industrial do norte de Galiza, podemos ver como avanza nun profundo camiño de descapitalización acelerado após a compra da empresa pública italiana ENEL, que posúe máis do 70% das accións.

Co paso do tempo, confírmanse as consecuencias negativas da falta dunha política industrial do Estado, coa complicidade da Xunta de Galiza, que ten levado a que hoxe esta empresa teña sido xa non só privatizada, senón que está en mans dunha empresa pública italiana que busca coa súa ofensiva descapitalizar totalmente Endesa e avanzar nun proceso viciado polo cal a totalidade de beneficios pasen directamente a dividendos que sexan cobrados por Enel de forma que mesmo para facer investimentos, Endesa teña que recorrer á débeda. Para axilizar este camiño a empresa vén de romper unha serie de acordos sociais que supoñen liberar máis de 900 millóns de euros que terían que reservar, por esixencias de auditoría, para garantir os dereitos de traballadores activos e pasivos, e computalos nas cifras de dividendos de Enel.

Esta situación ten consecuencias negativas nos traballadores e traballadoras, en activo ou xa non, de Endesa, que suman máis de 35.000 persoas, unha parte importante en Galiza, cunha grande concentración nas Pontes e na súa contorna. Grazas á reforma laboral, que o goberno socialista de Pedro Sánchez non derogou nin na totalidade nin nunha parte substancial, a perda de ultraactividade deixa un panorama moi preocupante.

Cómpre recordar que ademais, na perda dos beneficios sociais que estaban recoñecidos estamos a falar dun salario en especie, un dereito conquistado nos anos anteriores polos traballadores e traballadoras de Endesa en detrimento, en moitas ocasións, da contía moneraria recibida no salario. Unha parte da masa salarial pola que tributan, non unha regalía. Isto é unha ruptura das regras de xogo, supón un paso atrás en materia de negociación colectiva e traerá un enorme empobrecemento no norte do







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

noso país, calculándose máis de tres millóns de perdas en termos económicos só sobre a poboación das Pontes.

Máis aínda, esta situación é inaceptábel se temos en conta os multimillonarios beneficios da produción eléctrica. Mesmamente no mes de novembro de 2018 Endesa no Estado español elevaba á alza a súa previsión de beneficios, prevendo chegar aos 1.500 millóns no 2019 e aos 1.600 no 2020. A explotación enerxética do noso país debe, como mínimo, xerar postos de traballo con condicións dignas e non se pode permitir, co silencio das administracións, que estas se rebaixen ao tempo que medran os beneficios empresariais.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza acorda por resolución expresar o seu apoio aos traballadores e traballadoras de Endesa, tanto en activo como pasivos, e rexeitar a estratexia de descapitalización que está a levar a empresa.

O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

a) demandar do Grupo Endesa que revoque a decisión unilateral de eliminar os beneficios sociais aproveitando a perda de convenio de referencia.

b) levar a cabo as actuacións necesarias para evitar as consecuencias negativas derivadas da perda de convenio de referencia en Endesa e favorecer a negociación dun novo convenio, a comezar por exixir do Goberno do Estado a recuperación da ultraactividade dos convenios colectivos e con carácter retroactivo para todos os Convenios que xa perderon a súa vixencia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

c) manter un diálogo constante coas forzas sindicais e os colectivos de persoal pasivo.

d) Demandar do Goberno do Estado e da CNMV a elaboración dun informe sobre a descapitalización de Endesa por parte de Enel e dos beneficios expatriados, vía dividendos, por Enel no sector enerxético do Estado Español así como depurar as responsabilidades políticas precisas pola perda do control público sobre o sector enerxético a través das privatizacións.”

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 17:54:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 17:55:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 17:55:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 17:55:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 17:55:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 17:55:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 4.<sup>a</sup>.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A morte a golpes dos cabalos salvaxes de Oia reaviva o debate sobre a súa minguada raza ancestral. A brutal matanza ocorreu na Serra da Grova, territorio habitado hoxe por 750 garranos e que eran 2.000 a finais do século XX. Falamos dun équido ancestral, primitivo, que debe levar uns 20.000 anos habitando os nosos montes.

Consideramos importante atender ás demandas dos representantes do Instituto de estudos Miñoráns, con respecto á valoración, protección, estudo, divulgación e aproveitamento deste équidos para garantir a pervivencia do patrimonio senlleiro de Galiza: os garranos que viven ceibos nos montes e serras da nosa contorna do Val Miñor.

Os garranos están ameazados por varios motivos: a explotación do monte sen ter en conta os valores tradicionais, a desvalorización dos garranos ao confundir valor e prezo, a falla de recoñecemento específico e a confusión ao tratalo coma un équido doméstico nos regulamentos e leis, a perda de propietarios, a mala imaxe que se transmite nos medios de comunicación e a presión no monte de actividades industriais sen ter en conta os ecosistemas.

Os garranos son “unha subespecie de equus que temos nos montes galegos dende





hai milleiros de anos e que ten deixado pegada no noso patrimonio arqueolóxico, nos gravados rupestres dos petróglifos e tamén na toponimia. Son os únicos cabalos salvaxes que como tales quedan no mundo e forman parte do noso patrimonio natural, sendo tamén un patrimonio cultural pola súa singularidade de ser salvaxes e ter propietarios, ademais de estar ligados a unha festa de grande valor etnográfico como é a dos curros e a da rapa das bestas.

Coa finalidade de elaborar un documento no que se recollan estes temas, imprescindibles para presentar consensuadamente unha proposta legal que dea resposta ao problema da posible extinción dos garranos e das festas da rapa das bestas e dos curros no noso país, é necesario regular leis e normas nas que se recolla a singularidade deste animal, a súa protección, os seus usos tradicionais e o seu aproveitamento. Porén, compre valorar a posibilidade de propor que sexan considerados Patrimonio da Humanidade e ben de interese natural e cultural, BIC, pola súa singularidade (único cabalo salvaxe do mundo) e porque é unha especie en perigo de extinción..

Por iso é conveniente facer estudos: análises xenéticas, etoloxía, diversidade morfolóxica por áreas xeográficas; coñecer o censo actual; os seus usos e costumes como patrimonio inmaterial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Crear unha comisión na que deberan participar os propietarios de garranos, asociacións de propietarios, ecoloxistas, científicos (zoólogos, biólogos, etnógrafos, xenetistas...), as universidades, comunidades de montes, autoridades





locais, concellos e deputacións, asesores legais e políticos de todos os partidos representados no Parlamento galego.

- Elaborar un documento no que se recollan estes temas, imprescindibles para presentar consensuadamente unha proposta legal, que dea resposta ao problema da posible extinción dos garranos e das festas da rapa das bestas e dos curros no noso país.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/01/2019 18:12:26**

**Luca Chao Pérez na data 31/01/2019 18:12:32**

**Luis Villares Naveira na data 31/01/2019 18:12:38**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

